

MEMORIA ANUAL

CURSO

ESCOLAR

2018-2019

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

ÍNDICE

1.- Introducción

2.- Obxectivos xerais

2.1. Avaliación individualizada en 3º de primaria

2.2. Concreción anual do Plan Lector

3.- Memorias dos equipos docentes de nivel/ciclo

3.1. Educación Infantil

3.2. Primeiro e Segundo curso de primaria

3.3. Terceiro e Cuarto curso de primaria

3.4. Quinto e Sexto curso de primaria

4.- Equipo de Dinamización Lingüística

5.- Introducción á Robótica educativa en primaria

6.- Comisión de Coordinación Pedagóxica

7.- Departamento de Orientación

7.1. Memoria Aula Específica Educación Especial

8.- Comisión de Convivencia

9.- Biblioteca (Ver ANEXO II)

10.- Memoria da Comisión TIC

11.- Memoria do Horto Escolar

12.- Memoria da Comisión de Teatro

13.- Memoria dos Servizos Complementarios

13.1.- Transporte Escolar

13.2.- Servizo de Comedor Escolar, Madrugadores e Actividades Extra-escolares

14.- Situación das instalacións e equipamentos

15.- Memoria Programa Educación Responsable – Ano 2

16.- Libros de texto e material complementario ANEXO I (LIBROS DE TEXTO)

17.- Biblioteca Escolar (ANEXO II)

18.- Patios Dinámicos (ANEXO III)

19.- Horto Escolar (ANEXO IV)

1.- INTRODUCCIÓN

Finaliza o curso escolar 2018-2019, coa dirección en funcións desde o mes de abril, debido a enfermidade grave do director. Ante a renuncia ao cargo do director con efectos de 30 de xuño de 2019, a inspección procedeu a nomear nova directora para o vindeiro curso escolar, mantendo os demais cargos de Xefatura de Estudos e Secretaría.

O Plan de Mellora da Biblioteca Escolar recalou novamente no noso centro con enorme éxito tanto entre o alumnado coma no profesorado, facilitando a participación de ámbolos sectores en innumerables actividades formativas.

A implicación do profesorado na mellora da súa formación evidenciouse claramente coa alta participación no segundo curso do Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), que desenvolveu catro itinerarios formativos: Educación Responsable, Robótica Educativa, Biblioteca Escolar e Patios Dinámicos.

O Proxecto Abalar continuou co seu desenvolvemento nas aulas de 5º e 6º curso de educación primaria como apoio tecnolóxico para o funcionamento do Proxecto E- Dixgal. Neste curso, a diferenza do pasado, os armarios de carga dos ultraportátiles permitiron o almacenamento dos novos portátiles do alumnado, facilitando que o alumnado optara por levar o seu ultraportátil para casa ou non. Algúns videoproxectores precisaron do cambio das lámpadas por ter esgotada a súa vida útil. A nivel de recursos didácticos o profesorado e o alumnado dispuxo de novos contidos pola incorporación á plataforma EVA de mais editoriais. As incidencias técnicas que xurdiron foron atendidas con axilidade polo Servizo Premium de Amtega.

Por outra parte o alumnado de 5º e 6º cursos de educación primaria participou nas actividades prácticas desenvolvidas no marco do Curso de Introducción á Robótica Educativa, mediante sesións semanais coordinadas polo mestre Diego A. López Rodríguez, contando coa colaboración dos respectivos titores.

No actual curso escolar continuouse co obradoiro “Danzarte” en 4º e 6º de primaria, que permitiu realizar máis actividade física e afondar no coñecemento e práctica das danzas do mundo. Froito do traballo realizado o curso anterior e o presente, o CEIP Emilia Pardo Bazán participou no evento cultural “Xuntarte: xuntos pola arte”, no que participaron 7 centros educativos públicos conmemorando o Día da Paz e a Non Violencia, con danzas, coros e interpretacións instrumentais. O noso centro participou coa danza titulada: Si Si Kumbalé.

Continuouse cos proxectos que achegaron ao noso alumnado ao mundo da natureza, tales como o Proxecto de Horto Escolar e Voz Natura.

Co éxito acadado en cursos anteriores no Certame de Teatro Escolar e Afeccionado “Candilejas Don Bosco”, este curso escolar a comisión de teatro declinou participar nunha nova edición, logo do cambio de persoas organizadoras do evento, pasando a ser organizado polo IES Calvo Sotelo. Por este motivo non contamos con espazo teatral para representar a obra do actual do curso que baixo o título de “O crebanoces”, polo cal solicitámoslle ao IMCE o espazo escénico do Ágora. A estrea da obra levouse a cabo o día 11 de xuño mediante dúas exitosas representacións por parte dos 95 actores e actrices para amosar ao alumnado de educación primaria e ás súas familias.

Así mesmo outros grupos de alumnos/as traballaron intensamente ao longo de todo o curso na realización de obras teatrais representadas no propio colexio para o resto de alumnado e tamén para as súas familias, como o grupo Bubelas e Bubeliñas.

Mantivemos o compromiso de potenciar a lingua galega nas actividades diarias do centro escolar e participouse na convocatoria anual de Axudas do Fomento do Galego que pretendeu involucrar a toda a comunidade educativa dentro dun eixe común que ten como base a promoción da lingua galega, facendo fincapé en dous aspectos principais:

- Dignificar a consideración social da lingua galega, véndoa como un medio de comunicarse cos demais e empregándoa en diferentes ámbitos.
- Promover a normalización do uso da lingua galega entre os distintos membros da comunidade educativa.

Continuouse por terceiro ano consecutivo co Proxecto “O meu amigo maior”, participando no apartado de Voluntariado Miúdo do Plan Proxecta que propúxose a interacción de nenos e nenas de idades moi diferenciadas:

- Primeiros anos do 2º Ciclo de Educación Infantil e últimos anos de Educación Primaria (4 anos e 11-12 anos) unhas etapas importantes e significativas no seu desenvolvemento o inicio do 2º ciclo de Infantil e fin de Primaria.

As mestras de apoio en educación infantil promoveron a participación de alumnado, familias e profesorado nun novo proxecto no marco do Plan Proxecta, denominado “O sabor da aventura está no mar”.

Continuamos co desenvolvemento do convenio de colaboración coa ONG Axuda en Acción, grazas ao cal contamos con importantes orzamentos para apoiar os proxectos de teatro interaulas, robótica educativa, horto escolar...

A colaboración da ANPA púxose outra vez de manifesto coa subvención das actividades de teatro en lingua inglesa, das viaxes didácticas do alumnado máis desfavorecido e coa colaboración nas festas de magosto/entroido, volta ao cole e organización da festa de fin de curso.

Por segundo ano consecutivo o éxito acadado pola Escola de Nais e Pais (ENP) permitiu ao profesorado asistir a algunha das actividades propostas tales como os obradoiros:

- Disciplina Positiva.
- O cambio a secundaria.

Empregouse o antigo edificio de educación infantil, a pesares das deficiencias estruturais que presenta, para a realización da totalidade das actividades extraescolares organizadas e xestionadas polo ANPA Milnen@s. As actividades deportivas de iniciación ao deporte de equipo tiveron lugar no Polideportivo Municipal de Los Rosales como en cursos anteriores. Unicamente empregouse a aula de informática para a actividade extraescolar de Robótica dous días á semana. A Biblioteca Escolar e mailo novo espazo creado este curso baixo a denominación de BiblioLab mantiveron a súa apertura no horario de tarde cunha baixa asistencia do alumnado.

Continuamos coa colaboración coa Universidade da Coruña para a realización do Practicum I-II de Educación Infantil e Educación Primaria. Colaboramos co persoal investigador da Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade Pontificia de Salamanca nos seus Traballos de Fin de Grao, así coma con outros estudantes de mestrados doutras universidades españolas que solicitaron a colaboración da nosa comunidade educativa para facer estudos de caso.

Por último debemos facer mención especial ao exitoso desenvolvemento do Proxecto de Educación Emocional en colaboración coa Fundación Botín, o CFR da Coruña e o CAFI.

A participación dos docentes no Curso de Introducción á Robótica Educativa dotou ao centro do equipamento tecnolóxico que permitiu a realización das sesións de Robótica co alumnado de 5º e 6º cursos de primaria. A este equipamento sumouse a adquisición de varios iPad e outro equipamento grazas á subvención de Axuda en Acción.

2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO

◦ Xerais

No actual curso escolar puxémonos o reto de manter tódolos proxectos iniciados en cursos anteriores e incrementalos, de xeito que o noso alumnado acadase niveis competenciais noutros campos da aprendizaxe e a experimentación. ACADADO

O traballo realizado o curso pasado no eido da educación responsable deu bos resultados no actual, coa realización de actividades tanto a nivel de aula como de centro, a través dun mellor coñecemento e aplicación das potencialidades da intelixencia emocional mellorando a convivencia. ACADADO

A redución da carga horaria do persoal coidador, que nalgún caso, foi cambiado temporalmente de centro, supuxo un atranco importante na atención do alumnado con nee. EN PROCESO

Os obxectivos específicos foron os seguintes:

◦ Específicos alumnado

- Promover actitudes e valores de honor, respecto e convivencia cara os demais. EN PROCESO
- Promover hábitos de saúde e consumo responsable. EN PROCESO
- Desenvolver a súa responsabilidade no que se refire ao coidado, limpeza e mantemento de todos os espazos e materiais relacionados co centro e con eles mesmos. EN PROCESO
- Axudar na integración de alumnado de nova incorporación. EN PROCESO
- Potenciar o desenvolvemento das Competencias Básicas. ACADADO
- Reforzar o hábito da lectura para a mellora da comprensión e expresión oral e escrita. ACADADO
- Reforzar o cálculo matemático e a resolución de problemas cotiáns nese campo. ACADADO
- Incrementar a experimentación mediante o novo laboratorio STEAM (área de descubrimento, na cal os alumnos aprenden sobre diferentes temas como: Programación, Robótica, Circuitos, Mecánica, Comunicación dixital, e Diseño gráfico). ACADADO

◦ Específicos familias

- Facilitar asesoramento ás familias que así o requiran sobre temas educativos do seu interese. ACADADO
- Informar puntualmente de calquera incidencia que implique aos seus fillos ou fillas. ACADADO

- Potenciar a súa colaboración nas actividades do centro. EN PROCESO
- Implicalas nos procesos de ensino-aprendizaxe como parte activa. EN PROCESO
- Achegalas ao centro escolar para que aportasen de forma experiencial as súas peculiaridades e especializacións, mediante acompañamentos aos seus fillos nas sesións das tardes na biblioteca escolar e/ou no laboratorio STEAM. ACADADO

- **Específicos profesorado**

- Actuar de xeito que o noso alumnado nos poida tomar como exemplo e referencia persoal. EN PROCESO
- Enfatizar a importancia do traballo coordinado en equipo. EN PROCESO
- Implementar estratexias positivas para o éxito na función titorial. EN PROCESO
- Promover a mellora no uso de TICs para poder implementalas no noso traballo diario. ACADADO
- Revisar e elaborar un novo Proxecto Educativo de Centro. EN PROCESO

- **Específicos centro**

- Colaboración coa ANPA Milnen@s, iniciando a Escola de Nais e Pais, se é posible. ACADADO
- Colaboración cos axentes culturais do Concello da Coruña e da Xunta de Galicia. ACADADO
- Participar na formación de alumnado da Facultade de Ciencias da Educación. ACADADO
- Manter e/ou incrementar a colaboración con Axuda en Acción coma fonte de recursos económicos para o desenvolvemento de proxectos interdisciplinares para o noso centro. ACADADO

- **Específicos Administración**

- Desenvolver todas aquelas accións que favorezan o desenvolvemento do centro cumprindo a lexislación vixente. EN PROCESO
- Exixir a dotación de persoal acorde coas necesidades de cada curso escolar. EN PROCESO
- Esixir a realización de obras de mellora nas infraestructuras do centro tales coma o acondicionamento da pista polideportiva inferior, completar a reforma das fachadas do edificio de educación primaria ou mellorar as condicións de climatización do edificio de educación primaria mediante a renovación dos ventanais. EN PROCESO

2.1.- AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA EN 3º CURSO DE PRIMARIA

Na avaliación individualizada do alumnado de 3º curso de primaria realizada este curso escolar repetiuse o absentismo do alumnado motivado pola decisión dalgunhas familias de impedir a participación dos seus fillos na mesma como medida de protesta e rexeitamento deste tipo de probas. Cun elevado custe organizativo por parte do centro para crear as condicións idóneas de aplicación e corrección, as avaliacións individualizadas LOMCE en 3º fixéronse cun alto absentismo entre o alumnado, 45 %.

2.2.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

MEMORIA PLAN ANUAL DE LECTURA

1.Grao de cumprimento dos obxectivos.

En canto aos obxectivos planeados obsérvase que a maioría foron acadados, outros están en proceso e algúns quedan pendentes. Pode observarse polo miúdo no apartado de avaliación no que se valoran os indicadores de éxito de cada un dos obxectivos.

2.Dinamización da Biblioteca Escolar

Memoria da Biblioteca Escolar.

3. Rutinas de lectura e actividades sistemáticas.

Memoria da Biblioteca Escolar

4. Itinerarios de lectura

Os fondos que se lerán desde E.I. ata E.P., que son propostos nos diferentes ciclos que se estruturan no centro, serán de tipoloxía variada pero predominando a ficción de diversa temática.

6º de E.I.

C. FUNKE. A princesa Sabela. Ed. Xerais

M. DEL MAZO. Carabuñas. OQO.

M. Á. CUESTA. Historia de un árbol. Ed. Juventud.

D. KULOT. Leopoldo e Casilda. Factoria K

G. BIZOUERNE. El buen humor del lobo gris. Ed. Edelvives.

R. BONILLA. Max y los superhéroes. Algar.

R. BONILLA. Los fantasmas no llaman a la puerta. Algar.

T. ROSS. Juan y el lobo. Océano/travesía.

M. CERRO. Depois da chuvía. Kalandraka.

A. OTERO. O branco non pinta. Apiario.

C. BOYER. Guau, miau, pio, pio. Tramuntana.

R. ALEJANDRO. A horta de Simón. Kalandraka.
R. DÍAZ. ¿Hay algo más aburrido que una princesa rosa? Thule.
H. BANSCH. As aventuras de osiño. OQO.
A.M. FERNÁNDEZ. Ring, ring...! Quen chama? Hércules ed.
S. ISERN. Uno para dos. Cosquillas ed.
S BOHLMANN. La historia del pequeno lirón que no `podía dormir. Kókinos.
B. ALEMAGNA. El maravilloso mini-peli-coso. Combel.
M. OLTEN. Para nada sucias. Takatuka.
L. GUERRERA. Mani orejas de luna. Narval.
S. ISERN. Esto no es una selva. Flamboyant.
M. TANCO. O rei dos animais. La Fragantina.
E. GÉHIN. Los gusanos comen cacahuets. Takatuka.
J.WILLIS. La babosa cariñosa.
F. SANTIAGO. Un tigre con tutú.
A. CUTBILL. A vaca que non puxo un ovo.
C. CORRALES. A caixa máis grande do mundo.
D.PARMER. Un día perfecto.
M.AITES. Pequeña en la jungla.
E.LITWIN. Pete o gato.
A.LLIRAS. Un gato llamado almohada.
J.AGEE. Vida en Marte.
C.NORAC. Monstruo non me comas.
O. DE DIOS. Buscar.
D. LEVY. Cómo encender un dragón apagado.
J.R. ALONSO. Osa.
P. HUTCHINS. Onde está o poliño de Rosalía.
Q. BLAKE. Os petos de Loreto.
A. SOBRINO. Don Ramón.
B. CHAUD. La canción del oso.
J. GRIMM. La bella durmiente.
J. GRIMM. Caperucita.
N. MINNIE. El ladrón del tiempo.
N. MINNIE. El ladrón de palabras.

1º E.P.

EL HEMATOCRÍTICO. Feliz Feroz.
B. GRAÑA. Rata linda de Compostela.

H. HEINE. Os tres amigos.

P. FERNÁNDEZ. Tinta.

P. CARREIRO. Os bolechas (varios exemplares)

2º E.P.

- P. FERNÁNDEZ. Tinta.
- H. HEINE. Os tres amigos.
- A. RÓDENAS. Cartas a Ratón Pérez.
- A. FERNÁNDEZ PAZ. Un tren cargado de misterios.
- A. ALONSO. La canción de Lúa.
- C. CASARES. A galiña azul.
- F. CASALDERREY. Derradeira carta aos Reis Magos.
- J. COPONS. Llega el señor Flat.
- R. FLYNN. Estás despedida.
- G. KESELMAN. Si tienes un papá mago.
- ANÓNIMO. El flautista de Hamelin.
- EL HEMATOCRÍTICO. O lobo con botas.
- B. GOPEGUI. El día que mamá perdió la paciencia.

3º E.P.

- V. MONREAL. Pamela Panmá y la bruja descalza.
- M. RIVAS. O raposo e a mestra.

4º E.P.

- E. MENÉNDEZ. Ese no es mi zoo.
- M. RIVAS. O raposo e a mestra.

5º E.P.

- H. CAJARAVILLE. Kusuma.
- P. MAÑAS. Apestoso tío Muffin.

6º E.P.

- A. ALCOLEA. El retrato de Carlota.
- H. CAJARAVILLE. Kusuma.

6. Actividades

E.I.

Continuouse co Proxecto Lector.

Asistencia á actividade dirixida por Anxo Moure de “O Carballo con Botas”

Sesións diarias de lectura ou achegamento á mesma, nas que se empregaron todo tipo de textos.

Actividades de dramatización e representación de poesías, contos e ditos populares.

Actividades de dramatización e representación de poesías, contos e ditos populares.

Actividades de achegamento á utilización e interpretación das imaxes no cartel publicitario.

Achegamento ao texto xornalístico, en diferentes ocasións

Uso de material multimedia e utilización das novas tecnoloxías na animación á lectura.

Participación na celebración das Letras Galegas.

E.P.

Visita á B.M. de los Rosales.

Desenvolvemento de actividades sobre distintos textos como a poesía, cómic, narrativa e teatro.

Elaboración de contos para a inclusión.

Asistencia a contacontos e encontros con autores/as.

Lecturas compartidas internivel e con familias.

Representación da obra “Moito Conto” por parte de 6ºA de E.P. e de 4ºA de E.I.

Desenvolvemento da actividade de Escritura rápida.

Representación da obra de teatro “O Crebanoces”.

Participación na celebración das Letras Galegas.

7. Avaliación

ACADADO

NON ACADADO

Formar dun xeito básico aos usuarios/as da biblioteca: coñecer a biblioteca e os seus recursos.

- Elaboración e do calendario de visitas e sesións permanentes nas seccións da B.E.
- Elaboración dun calendario de sesións de formación de usuario para mestres/as e alumnado.
- Elaboración e difusión da guía de biblioteca para profesorado e alumnado.
- Elaboración doutros materiais e recursos para a formación usuarios. (Presentación na web)

Apoiar programas do centro e proxectos de aula e áreas.

- Organización e presentación dunha exposición de libros cada mes a partires de outubro con diversas temáticas.
- Elaboración e difusión dun repositorio de recursos para utilizar na aula en colaboración co Equipo de Dinamización das TIC.
- Elaboración dunha selección de recomendacións para un grupo de cada curso por trimestre.
- Cumprimento do horario e calendario de gardas do equipo de biblioteca para asesorar aos titores/as e mestres/s que o soliciten.
- Traslado de informacións nas distintas reunións periódicas no centro.

Favorecer e promover actuacións de inclusión e de atención á diversidade.

- Adquisición dos fondos e recursos enfocados á diversidade, cunha dotación económica de 3.000€
- Sinalización os fondos que consideremos relevantes para o traballo da diversidade.

Realizar actividades de investigación e procura de información.

- Planificación de polo menos unha actividade ao longo do curso para o ensino e desenvolvemento de estratexias de investigación.
- Desenvolvemento dunha actividade para o traballo do multialfabetismo.

Realizar actividades de fomento da lectura.

- Desenvolvemento do Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida.
- Realización de actividades, polo menos unha mensual a partires de novembro, de lectura internivel. (Realizáronse lecturas internivel nas aulas, tamén houbo representacións de obras de teatro de E.I. para E.P. e de 6º de E.P. a alumnos/as de E.I. e E.P.)
- Organización de polo menos unha visita por grupo de autores/s, ilustradores/as, contacontos e outros profesionais relacionados coa lectura da imaxe.
- Organizar visitas a outras bibliotecas, de xeito que todos os grupos coñezan outra biblioteca da contorna. (Os alumnos/as de 2º de E.P. visitaron a B.M. de Los Rosales)
- Elaboración dunha guía en papel para as vacacións de inverno e outra para as de verán.

- Desenvolvemento de actividades Día da Biblioteca, Novembro mes da ciencia, Nadal, Día da Paz, Rosalía de Castro, Semana da Prensa, Día do Libro e Letras Galegas.

Desenvolvemento e promoción das seccións documentais de aula.

- Expurgación no mes de setembro e xuño.
- Elaboración das seccións de aula polo menos de 1º e 2º de E.P.
- Adquisición de novos fondos que equilibren a colección, procurando o 60% información e 40% ficción. (A porcentaxe de fondos aínda etá en proceso)

Revisar e reelaborar o Proxecto Lector de Centro.

- Enquisas a profesorado e familias.
- Documento que recolla o PLC e aprobado en claustro no mes de xuño.

Elaborar e desenvolver o Plan de Lectura Anual.

- Elaboración e aprobación deste documento e inclusión na PXA no mes de outubro.

Adecuar o equipamentos ás necesidades do centro.

- Dotación por parte do centro que supere o 6% actual do orzamento, achegándose ao 7%.
- Creación dunha nova sección STEAM da B.E.
- Dotación á nova sección da B.E. de conexión a internet e de encerado dixital.
- Adquisición de auriculares para os ordenadores de consulta.
- Reorganización das zonas da B.E. e compatibilizalas coa nova sección.
- Adquisición de novo mobiliario para as distintas zonas e seccións.
- Sinalización interna dos dous espazos da B.E.
- Sinalización exterior dos accesos aos espazos da B.E.
- Elaboración dun cartel coa clasificación dos fondos (CDU).

Tarefas técnico-organizativas para o mantemento da colección e servizos.

- Continuidade dos servizos de préstamo, lectura e consulta en sala.
- Creación dun servizo de recollida de suxestións física e dixital.
- Creación dun equipo de alumnado colaborador de biblioteca.
- Creación dun blog para difundir novidades, novas, actividades e servizos da B.E.
- Continuación do uso do programa MEIGA.
- Centralización dos fondos no programa de xestión.
- Elaboración de criterios de adquisición e expurgación.
- Realización de tarefas de organización e mantemento dos fondos (reparación e forrado)

Xestionar e implicar ao profesorado na xestión da biblioteca.

- Distribución das funcións dentro do equipo.
- Traslado de información periódica ao claustro sobre a B.E.

Promover e difundir os servizos da biblioteca.

- Traslado de información periódica ao claustro sobre a B.E.
- Elaboración da Guía da biblioteca.

- Creación dun blog para a difusión.
- Presencia de novas da biblioteca na web do centro.

Xestionar os fondos documentais.

- Identificación das necesidades do alumnado, profesorado e familias, recollendo polo menos máis de 10 suxestións en papel ou dixitalmente.
- Elaboración de criterios para a selección e expurgación de fondos.

Colaborar coa biblioteca municipal do barrio e buscar a colaboración con outras bibliotecas escolares.

- Organización de visitas á B.M. do barrio.
- Posta en marcha de préstamo interbibliotecario coa B.M.
- Organización de actividades conxuntas e visita á B.E. do IES Salvador de Madariaga e do IES Rafael Dieste.

Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento dos servizos da B.E.

- Organización de polo menos unha actividade por mes desde novembro coa colaboración das familias ou dirixidas a elas. (Organizáronse actividades coas familias, pero non unha ao mes)
- Posta en marcha en 5º E.P. das Mochilas viaxeiras (dúas por grupo).
- Creación dunha sección e zona para nais e pais.
- Organización de polo menos unha actividade en colaboración con Asociacións ou outras entidades sen ánimo de lucro.
- Desenvolvemento de polo menos tres actividades en colaboración con editoriais.

Potenciar a través de actividades a apertura en horario extraescolar.

- Desenvolvemento de polo menos unha actividade aberta ao alumnado, familias e profesorado en horario extraescolar.

Potenciar a presenza da B.E. na web do centro.

- Creación dunha sección de información sobre as actividades da B.E.
- Publicación de polo menos unha nova mensual na web do centro.

Elaborar un espazo en internet (blog) propio da biblioteca.

- Creación dun blog específico para a biblioteca escolar.
- Actualización deste espazo de xeito como mínimo semanal a partires de novembro.

Continuar coa presenza da B.E. nos documentos do centro (P.E., PXA, Memoria, entre outros)

- Presenza dun apartado da B.E. nestes documentos.
- Elaboración e difusión do Plan de traballo do equipo de B.E.
- Elaboración e difusión da memoria por parte do equipo de B.E.

Formar e informar ao profesorado no uso da B.E.

- Organización de polo menos unha sesión de formación de usuario para todo o profesorado do centro no mes de outubro ou novembro.

- Elaboración e difusión dunha Guía de Biblioteca para o profesorado do centro.
- Traslado de información periódica ao claustro sobre a B.E.

Formar aos integrantes do equipo de biblioteca no ámbito das bibliotecas escolares.

- Participación nun seminario ou GT sobre Bibliotecas escolares para actualización en temas do programa MEIGA, xestión da colección, actividades de fomento da lectura ALFIN, difusión, entre outras.

Avaliar o funcionamento e cumprimento do plan de traballo da B.E.

- Elaboración, distribución e recollida de cuestionarios para o profesorado, alumnado e familias para avaliar o funcionamento da B.E. no mes de maio ou xuño.
- Recollida e análise das estatísticas proporcionadas polo MEIGA no mes de xuño.
- Avaliación dos criterios a través dos indicadores do plan de traballo.

3.- MEMORIAS DOS EQUIPOS DOCENTES DE NIVEL / CICLO

3.1.- EDUCACIÓN INFANTIL.

Este ano, no ciclo de Educación Infantil contamos cun total de 208 alumnos repartidos nas 9 aulas, destacando entre eles a presenza de varios con N.E.A.E.

Para atender a este alumnado, somos 12 profesoras: 9 titoras e 3 profesoras de apoio. Das 12, 11 temos destino definitivo no centro.

As titoras traballan co alumnado empregando metodoloxías diferentes, pero perseguindo todas os mesmos obxectivos do ciclo de Educación Infantil.

As profesoras de apoio seguen repartidas por nivel e a súa docencia está organizada da seguinte maneira cada semana:

- Unha sesión de psicomotricidade con cada grupo.
- Catro sesións coa titora correspondente: dúas son empregadas para facer un desdobre de alumnos, quedando a titora coa metade dos nenos na aula e levando a profesora de apoio a outra metade a unha das aulas de desdobre: a aula de relixión (cando está dispoñible), ou ó SUM de infantil. Outras dúas horas das 4 compartidas, o alumnado está atendido na súa aula polas dúas profesoras.

- Dúas sesións de titoría con cada grupo. Nestas sesións, as tres profesoras estiveron levando a cabo este curso un Plan Proxecta vinculado á alimentación saudable con produtos do mar. Como parte deste proxecto, e ademais de outras moitas actividades, implicaron ás familias nun traballo de concienciación sobre todo o lixo que termina no mar, facendo unha gran exposición de pratos de comida feitos con materiais de refugallo. Case a finais de curso, os nenos e nenas de 5 anos visitaron a Lonxa, o

Porto e o Mercado da Praza de Lugo, dando cobertura á todas as actividades por elas realizadas.

A maiores, tamén forman parte do ciclo de infantil:

-

Dúas profesoras do Departamento de Orientación, unha de Pedagogía Terapéutica e outra de Audición e Linguaxe, con 25 horas de docencia que imparten case na súa totalidade neste ciclo.

- Unha profesora de Relixión Católica, compartida con outro centro, e que unicamente imparte docencia no noso 3 horas dos luns e 3 dos venres.

- Unha profesora de Relixión Evanxélica, compartida con outro centro, e que unicamente imparte 3 h. de docencia no noso os venres.

Todos os grupos reciben dúas sesións de 25 minutos á semana de inglés e música, impartidas por profesorado especialista que non pertence ao ciclo de infantil. Así mesmo, en todas as aulas hai alumnado que recibe Relixión Católica ou Evanxélica. Estes alumnos, por ser minoría en todos os grupos, saen coas profesoras especialistas ás aulas destinadas a tal fin, quedando os demais coa correspondente titora.

A maiores do profesorado, para atender ao alumnado hai no centro 4 coidadores a tempo completo e outro que unicamente ven 2 días á semana. En Educación Infantil, contamos cunha das que ven todos os días, o que está compartido (que só ven martes e xoves) e algún ratiño que ven a axudar algunha das que pasan máis tempo en Primaria.

Seguimos considerando insuficiente esta dotación de persoal coidador que poida facilitar e mellorar a calidade da escolarización do alumnado con necesidades, así coma dos que non as teñen. Nas numerosas ocasións en que as profesoras teñen que pasar unha sesión cun grupo con alumnos con dificultades, teñen moitas veces que exercer función de coidadoras, véndose empeorada a atención de todo o alumnado.

Organizar actividades complementarias como son ás saídas que se producen durante todo o curso é moi complicado e, na maioría dos casos, o Departamento de Orientación ten que decidir que uns alumnos queden atendidos e outros non, tendo en ocasións que avisar a algunhas familias e chegando a darse o caso de que estas decidiran non traer ao seu fillo/a ao colexio algún día.

Foi moi salientable este curso unha situación producida no mes de febreiro, cando, sen explicación ningunha e durante varias semanas cambiaron a un dos nosos coidadores por outro doutro centro.

Por todo isto, sinalamos a necesidade de mellorar este tema de cara o vindeiro curso, no que precisamos que a administración teña máis en conta as características do noso alumnado e dote o centro de máis recursos cos que poder impartir unha educación inclusiva de calidade.

A vixilancia do alumnado, fora das horas lectivas, segue organizada de forma parecida aos anos anteriores: todas as profesoras estamos no colexio ás 8:50 para facer á garda de entrada: as titoras nas súas aulas e ás demais na porta de entrada e axudando ao alumnado con necesidades.

Seguimos manifestando o noso malestar coa situación que se produce a partir das 9:00 da mañá, cando, en ocasións en que ningunha profesora quede de garda por ter todas docencia, a porta queda sen vixilancia. Temos máis que comprobado que entra alumnado moito máis aló das 9:10, hora límite de entrada establecida, e o que é peor, que ás veces déixanos sós na porta e teñen que ir ata a súa aula sen vixilancia. Isto é consecuencia do feito de estar Educación Infantil nun edificio diferente a Primaria, pero pensamos que, mentres non contemos con persoal de conserxería ou algunha barreira física que non deixe entrar aos pais ata infantil, seguirá pasando, estando expostos a que pase algo con algún neno ou nena.

No tempo de lecer continuamos co desdobre horario, saíndo ao patio o alumnado de 4 e 5 anos de 11:30 a 11:55 e o de 3 anos de 11:55 a 12:20. As merendas quedaron tamén en horario de 11:30 para os de 3 anos e de 11:55 para os de 4 e 5.

Esta organización segue sendo tan necesaria como difícil de realizar: este curso contamos con 3 profesores de primaria que fixeron as gardas neste ciclo algún día da semana. Pese a contar con eles, para conseguir organizar as gardas de maneira que todo o profesorado fixera unha das quendas e descansara outra, as titora e profesoras de apoio tivemos que facer unha rotación, vixiando as dúas quendas durante 12 semanas dende o 24 de setembro, momento en que rematou o período de adaptación.

Segue sendo moi complicado cubrir os tempos de lecer cando falta algunha profesora, polo que o vindeiro curso sería doado contar outra vez cunha persoa máis para facer ditas gardas.

Seguimos valorando posibilidades de mellora do patio, polas poucas posibilidades de xogo que ofrece ó alumnado, sendo unha das máis probables a de pintar algún xogo nas paredes ou espazos para pintar con xiz.

Como en cursos anteriores, cada aula contou cunha partida económica de 300 euros, para empregar ao longo do ano 2019. Tamén hai unha cantidade adxudicada á

psicomotricidade, e outra de 1500 euros para “Xogos de Educación Infantil” que, chegado xuño, novamente non empregamos en nada, polo que posiblemente empregárase en setembro.

Tras unha reunión informativa coas familias de nova incorporación en 3 anos, que tivo lugar o 6 de setembro, o período de adaptación para o alumnado de 3 anos transcorreu con normalidade, incorporándose 69 alumnos/as repartidos nos tres grupos de 4º de infantil. Ao longo do curso tivemos altas e baixas en case todos os grupos do ciclo.

Este ano só contamos cun estudante de Ciencias da Educación facendo prácticas no ciclo, concretamente no grupo de 6ºB, durante o segundo trimestre.

Como novidade proposta polo equipo de Biblioteca, dous grupos de 5 anos, 6ºA e 6ºC, participaron nunha dinámica na que levaban mochilas cun libro para casa durante a fin de semana e os devolvían os luns. A actividade foi valorada positivamente e o equipo de biblioteca propón continuar o vindeiro curso e, incluso, mellorar o contido da mochila.

A pesar de estar nun edificio separado do de primaria, o alumnado de infantil fai uso, en ocasións, do resto das instalacións do colexio: algún grupo empregaron durante unha sesión case todas as semanas os espazos de Biblioteca e Bibliolab. Tamén subimos, en ocasións á zona de xogos do antigo edificio de infantil e participamos en actividades de Horta Escolar levando ao alumnado á zona do invernadoiro para plantar, regar ou recoller os froitos.

Neste segundo ano de PFPP no colexio, estamos desenvolvendo 4 itinerarios: Educación Responsable, Biblioteca, Robótica e, como novidade deste ano, Patios Dinámicos. Dous destes itinerarios contan con coordinadoras pertencentes ao noso ciclo e a maioría das profesoras participaron nalgunha das xornadas de formación impartidas en cada un deles.

Para dar cobertura a todos os días de obrigada conmemoración, repartímolos entre os 3 niveis de esta maneira:

- 3 anos: 15 de marzo -Día Mundial dos Dereitos do Consumidor- e 7 de abril -Día Mundial da Saúde.

- 4 anos: do 3 ao 10 de decembro, Constitución e Estatuto de Autonomía, 8 de marzo, Día Internacional da Muller, e 9 de maio, Día de Europa.

- 5 anos: 20 de novembro, Día Universal da Infancia, 10 de decembro, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, e do 11 ao 15 de marzo, Semana da Prensa.

Ademais, ao longo do curso, tiveron lugar ás seguintes actividades ou celebracións:

- O primeiro día lectivo, mércores 12 de setembro os alumnos/as de 4 e 5 anos asistiron á actuación do Contacontos Pablo Pablísimo, co seu espectáculo “O Paroleiro”, que tivo lugar ás 10:00 no SUM de Infantil.

- o 19 de outubro, todo o alumnado de 5 anos asistiu a unha representación teatral no Forum Metropolitano. A obra que viron foi “Pum, Pum”, vinculada ao tema do acoso sexual a menores. Todas as profesoras valoraron moi positivamente a asistencia á mesma.

- O 26 de outubro todo o colexio participou na “Volta ao cole” pola loita contra a Leucemia Infantil.

- Con motivo do Samaín, pediuse colaboración das familias para decorar a entrada do aulario con adornos feitos con caixas de cartón ou algún outro material de refugallo.

- celebramos o Magosto, co reparto de castañas por parte da castañeira e a realización de zonchos.

- Durante o mes de novembro realizáronse os experimentos científicos que formaran parte da exposición de Ciencia á volta do Nadal.

- os días 19 e 22 de novembro...o alumnado de 3 e 4 anos visitou as instalacións do Aquarium Finisterrae.

- Para o Día contra a Violencia de xénero, 25 de novembro, cada aula preparou un gran círculo negro e bonecos pequenos de cores para colocar seguindo o lema “respecta o meu espazo” e as indicacións do equipo de Dinamización.

- O venres 14 de decembro, o alumnado de 4 anos asistiu a unha representación teatral no Forum Metropolitano.

- Tamén neste mes de decembro, o alumnado de 5 anos tivo unha representación de teatro en inglés, como os últimos anos.

- Durante o tempo de Nadal, cada aula decorou a súa porta de forma libre para compoñer entre todo o centro a felicitación destas datas. De forma conxunta, tamén decoramos a entrada do aulario de infantil pedindo ás familias un cartón de leite. Estes foron forrados de verde e, con eles, armouse unha grande árbore de Nadal.

- O 30 de xaneiro a celebración do Día da Paz viuse suspendida por motivos meteorolóxicos. Todo o alumnado preparou a canción “Ven comigo” e, no noso ciclo,

cantámola no andar principal e fixemos un vídeo no que se nos podía ver a todos con pombas brancas feita polos nenos.

- Entre o 22 de xaneiro e o 1 de febreiro todos os grupos visitaron o Museo de Belas Artes.

- O 1 de febreiro o Colexio participou, un ano máis, no festival de Xuntarte. Nel non participa alumnado de infantil, pero si algunhas profesoras acudimos a colaborar.

- O 15 de febreiro tivemos en conta o Día do Cancro Infantil pedindo a todo o alumnado que trouxera no peito un lazo dourado.

- O 25 de febreiro, para conmemorar o día de Rosalía, tivemos no SUM de infantil un pequeno concerto da cantante Rosa Cedrón, que interpretou “Negra sombra” e “Quen puidera namorala” para toda a comunidade educativa. Ademais, algúns alumnos de diversos niveles recitaron poesías da autora.

- Entroido: o xoves 28 de febreiro tivemos, só en infantil, o entroido choqueiro. E o venres 1 de marzo participamos, xunto co resto de alumnado, nun desfile cunha temática común: a conmemoración do bicentenario do Museo do Prado. Este mesmo día, os nenos trouxeron merenda típicas desta festa para compartir con todos.

- O 8 de marzo colocámoslle a nosa “pequena Emilia” na entrada, uns globos morados con motivo do Día da Muller.

- O 9 de abril: asistimos todos a un Concerto Didáctico no Pazo da Ópera.

- Para festexar as Letras Galegas, participamos nun concurso de “escritura rápida” que para o alumnado de infantil tivo formato de debuxo alusivo a un texto dado. Cos textos e debuxos gañadores fixéronse libros que quedaron en todas as aulas do colexio.

- O 16 de maio participamos na celebración conxunta dos Maios, no que tamén se deron os premios do concurso de escritura rápida.

- Como excursións de fin de curso, os de 3 visitaron a Granxa de “O Ventoso” en Laracha, os de 4 a de Aldea Nova en Narón e os de 5 o parque zoolóxico de Marcelle, en Lugo. Todas tiveron lugar de forma moi satisfactoria.

- O alumnado de 5º B continuou a andadura polo Proxecto do “O meu amigo maior”, emparellados cos de 6ºA de Primaria. Xuntos realizaron numerosas actividades e recibiron a visita de alumnado de Abegondo que participan no mesmo proxecto no seu colexio.

- A finais de curso, participamos en diferentes actividades teatrais:

- O 7 e 10 de xuño: representación de fin de curso do alumnado de 6º de infantil: para o resto do ciclo e primeiros cursos de primaria o primeiro día e para as familias o segundo, en horario de tarde.

- O martes 11 estivo por completo adicado a actividade do Teatro Interaulas, no que actúan máis de 90 nenos e nenas. Este ano representaron unha versión da obra “O crebanoces”, pola mañá para todos os compañeiros de primaria e pola tarde para as familias, ambas funcións no Teatro Agora.

- O martes 18, os 3 grupos de 4 anos participaron no Concerto Final do Coro das Emocións, dentro do Programa de Educación Responsable.

- O 20 de xuño, os grupos de 5ºB de infantil e 6ºA de primaria, “Bubelas e Bubeliñas”, representarán para as familias a súa obra “Amigos para siempre”.

- O último día lectivo, a ANPA novamente organizou unha festa para todo o alumnado, no que disfrutaron de pintacaras, hinchables, xogos tradicionais (canicas, chapas, culleres e ovos, sacos, corda...) e baile.

CARA O VINDEIRO CURSO

Revisar a organización de entradas do alumnado no edificio de Educación Infantil. Hai moita falta de puntualidade e inseguridade por non dispoñer de persoal de conserxería.

Vemos preciso facer constar nesta memoria o rápido deterioro das instalacións deste edificio de infantil que só conta con 4 anos: o chan do patio desfaiase constantemente e mancha moito cando está húmido. O alumnado, en ocasións, leva pedras plásticas do chan á boca e acaban ennegrecidos pola súa tinta. Ademais, nas paredes das aulas apareceron este curso moitas fendas. Nalgunha reunión de ciclo plantexouse a petición de que se pintaran as partes de arriba das paredes das aulas coa mesma pintura plástica que temos nas partes de abaixo.

Consideramos necesaria a presenza de máis persoal coidador no ciclo para atender satisfactoriamente a todo o alumnado.

3.2.- MEMORIA DE 1º - 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

O equipo de profesoras de 1º e 2º de E.P. realizou ao longo do curso as reunións previstas no Plan de Centro e todas aquelas que foron necesarias, co obxectivo de mantermos informadas sobre o tratado nas reunión das diferentes comisións establecidas no colexio, así como para tratar diferentes temas relacionados co noso labor docente.

DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

En termos xerais, acadáronse bos resultados, na consecución dos obxectivos recollidos na PXA.

Destacamos os seguintes aspectos:

Incidiuse especialmente na necesidade de reclamar e manter a atención por parte dos alumnos, indispensable para o desenvolvemento das actividades escolares, considerando necesario seguir traballando este aspecto.

Estimamos que se acadaron a nivel xeral, os obxectivos de adquisición da técnica lecto-escritora, de cálculo e de razoamento lóxico-matemático, destrezas fundamentais nestes niveis educativos.

Utilizáronse as pizarras dixitais en todas as aulas do ciclo. Seguen a ser un elemento imprescindible para captar a atención e a motivación do alumnado.

Traballouse para desenvolver hábitos de respecto e mellora do contorno máis inmediato, participando activamente no horto, guiados polos profesores encargados e acompañados polos titores.

Realizáronse actividades nas aulas para fomentar a coeducación, habilidades sociais e integración.

Participouse no Plan de Fomento de Lectura que leva a cabo o centro, mediante o Plan de Lectura Anual. Os resultados son altamente satisfactorios. Como novidade, os nosos alumnos foron usuarios do novo espazo creado no presente curso, a Bibliolab, durante o tempo do recreo.

Participouse en distintas actividades e celebracións: Magosto (con exposición de Zonchos), Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas (concurso de escritura rápida), encontros con escritores (Mar Benegas), actividades de contacontos, espectáculos de música no Pazo da Ópera, rutas urbanas, visita a Bonilla e aos Bombeiros, excursión de fin de curso ao Centro de Turismo Ecuestre O Ventoso (A Laracha).

Favoreceuse a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado.

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

Aínda que se observa un descenso moderado na ratio, seguen a ser grupos numerosos e diversos, aspecto que dificulta poder levar a cabo un tipo de ensino que potencie as características de cada un deles e así atender as individualidades. Traballouse de forma activa e participativa tendo en conta as capacidades de cada alumno.

Levou a cabo unha avaliación continua e global, valorando a adquisición das competencias básicas, o traballo diario na aula, a súa actitude diante do mesmo, o interese, orde e limpeza na presentación dos traballos.

Incidimos na necesidade de profesorado de apoio para atender ás crecentes dificultades que se presentan no alumnado. O profesorado especialista en PT e AL non pode dar cobertura a todas elas por unha cuestión evidente de falta de horario, véndose na obriga de priorizar e asumir o apoio daqueles alumnos con diagnósticos claros e problemáticas acusadas. Algún destes alumnos amosa, ademais, condutas disruptivas importantes, redundando negativamente no resto do alumnado.

Seguimos detectando retrasos por parte do alumnado na súa incorporación ao centro, causando perxuizo ao resto no grupo. Sería conveniente establecer algunha medida a nivel de centro, que regule estas situacións.

Por último, insistimos na necesidade de que os horarios se axusten ás necesidades e características do alumnado, evitando na medida do posible, a maior carga lectiva nas últimas sesións da mañá, cando xa están esgotados e dispersos, cun baixo rendemento. Asemade, consideramos prioritario que as sesións primeiras estean destinadas ás técnicas instrumentais, normalmente impartidas polo titor.

3.3.- MEMORIA DE 3º - 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos propostos ao inicio do curso -e que figuran na PXA- para 3º e 4º acadáronse algúns e outros só en parte. Un obxectivo importante era potenciar a competencia oral no emprego do Galego. Teremos que seguir traballando nos vindeiros cursos neste obxectivo para normalizar o emprego da nosa lingua en todos os contextos e non só nas clases que se imparten en galego.

Outro obxectivo era mellorar a competencia lectora con medidas como o fomento da lectura, co proxecto do “Plan anual de Lectura”, actividades na aula... traballando individualmente e no grupo clase. Ao longo do curso houbo un progreso significativo neste obxectivo.

“Mellorar a atención do alumnado”: este obxectivo traballouse ao longo do curso e teremos que seguir nos vindeiros cursos xa que a unha parte do alumnado cústalle manter a atención (nos traballos, nas explicacións...).

“Adquirir hábitos de traballo e técnicas de estudo”: outro obxectivo importante que foise acadando, se ben algúns alumnos teñen dificultades.

“A convivencia, a prevención e resolución dos conflitos, o coidado das instalacións...” Consideramos que acadáronse en gran parte estes obxectivos traballando os valores e as normas de convivencia nas titorías.

Este curso non traballamos moito no Horto Escolar (xa que estivo en “obras”) mais as saídas de fin de curso tiveron un carácter ecolóxico: un contexto non urbano e relacionado coa natureza. (Pontedeume e Granxa de Belelle)

Os obxectivos curriculares das distintas áreas lograronse coa maioría do alumnado.

O alumnado de 4º nivel tivo -ao longo do curso- sesións de Danza (materia de libre configuración no centro). A experiencia foi valorada positivamente polo profesorado.

O alumnado do 3º nivel levou a cabo a proba de Avaliación Diagnóstica. Como noutros anos a participación foi inferior ao 65% polo que os resultados non poder ser significativos. A organización dos horarios para facer estas probas -na que participou todo o profesorado con horario a disposición do centro- fixo máis áxil o proceso de corrixir.

Ao longo do curso o alumnado participou noutras actividades que non estaban previstas na PXA, como obradoiros, visita ao Aquarium, conservatorio...

3.4.- MEMORIA DE 5º - 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos propostos a principios de curso para estes niveis lograronse coa maioría do alumnado, tanto nos aspectos curriculares como en hábitos e actitudes. A excepción prodúcese co primeiro obxectivo previsto, en canto a conseguir que o alumnado preste e manteña a atención e concentración nas tarefas, evite ruídos, permaneza en silencio... que resulta non só difícil de conseguir, senón de manter no tempo, tanto na aula, como nas filas, nos corredores, nos patios, no salón de usos múltiples, nas saídas.

Con respecto aos hábitos e técnicas de estudo, os obxectivos acádanse nun grao axeitado.

As dificultades máis grandes mostráronse nas estratexias para a resolución de problemas e, en moitas titorías, no cálculo.

En canto ás áreas de lingua resulta máis dificultosa a lectura expresiva, na expresión escrita tamén se aprecian dificultades, na adquisición e/ou incorporación de novo vocabulario, a corrección ortográfica e sintáctica e a axeitada presentación dos escritos de produción propia.

Traballouse, coma sempre, no uso normalizado da Lingua Galega, tanto na expresión oral como na escrita. O alumnado, en xeral, aprecia e valora o galego, aínda que non xeneraliza o seu uso.

Seguimos coas actividades propostas no Plan Lector que van explicitadas na memoria do devandito Plan.

Tal como se mencionou nos obxectivos para a PXA, o profesorado destes niveis considera o teatro como unha actividade que contribúe de xeito importante a formación do alumnado. O alumnado deste ciclo participou nas obras de teatro que se representaron. O profesorado colaborou en tarefas de vestiario, maquillaxe... para a posta en escena da obra “O Crebanoces”.

Seguiu funcionando o grupo Bubelas formado este curso polo alumnado de 6ºA, que se viu reforzado polo grupo de “Bubeliñas”, alumnado de 5ºB de EI, dentro do proxecto “O meu amigo maior”. Conxuntamente representaron unha obra de teatro ao final do curso e o grupo “Bubelas” representou outra polo Nadal.

O alumnado de 5º preparou unha representación de teatro de sombras para escenificar diante dos alumnos de educación infantil e primeiros cursos de educación primaria.

O alumnado de 5º e 6º seguiu o curso con libros dixitais a través do proxecto EDIXGAL. A valoración, en xeral, é positiva. O feito de apostar por integrar o libro dixital nas aulas destes cursos supuxo un gran reto e xurdiron certas dificultades pero tamén vantaxes que consideramos debemos recoller nesta memoria:

-Este curso a plataforma estivo activa desde o inicio das clases e puidemos acceder, profesorado e alumnado, aos materiais desde o primeiro momento para ir coñecendo as ferramentas e o funcionamento, o que nos permitiu comezar con normalidade. O acceso foi bastante fluído sen presentar moitos problemas técnicos. A experiencia do cursos anteriores serviu de guía.

- O profesorado implicado neste proxecto tivo que aumentar a dedicación e preparación dos diferentes temas e materiais. O uso do libro dixital require un cambio metodolóxico onde o profesor se converte en guía e decide como tratar os contidos dos diferentes temas. Así mesmo, debe ensinar a utilizar Internet de forma segura e responsable. Cremos que o profesorado de nova incorporación á plataforma necesita un tempo de aprendizaxe e adaptación.

- Os contidos dos libros dixitais constitúen unha entorna onde se atopan contidos, recursos, animacións, ligazóns a Internet... que requiren o desenvolvemento de novas competencias para o manexo eficiente da información e temos que destacar o baixo nivel de competencia tecnolóxica que teñen algúns alumnos menos favorecidos para acceder a eses contidos.

- O alumnado aceptou con naturalidade traballar con libros dixitais e resultou motivador pois puideron ter acceso a vídeos, dicionarios, contidos multimedia...

- Tamén favoreceu a adquisición de competencias dixitais e o compoñente audiovisual favoreceu determinadas aprendizaxes.

- Destacamos a potenciación da autonomía persoal, a creatividade e o traballo colaborativo.

- Una vez máis queremos deixar constancia de que os recursos das editoriais ofertadas non se axustan para traballar co alumnado con dificultades de aprendizaxe ou con adaptacións curriculares individualizadas.

O alumnado de 5º e 6º de E.P. tivo iniciación á robótica nunha das sesións da área de matemáticas. Nos dous primeiros trimestres resolveron retos en equipo utilizando distintos sensores e actuadores dos robots mBot, tamén coñeceron e utilizaron os robots escornabot. No terceiro trimestre remataron os proxectos en equipo que desenvolveron entre o 2º e 3º trimestre e que presentaron a diferentes grupos de Educación Infantil e Educación Primaria no mes de xuño. Estas sesións desenvolvéronse no BiblioLab.

Todo o ciclo participou no concurso organizado polo Consorcio das Mariñas, “A auga non para”, quedando finalista o grupo de 5º B.

O alumnado de 6ºA participou no Programa de Educación Responsable co banco de ferramentas. Todo o alumnado de 6º curso de primaria participou no Coro das Emocións.

Tamén participaron todos, dentro do Plan Director, en sesións de sensibilización e uso correcto das novas tecnoloxías impartidas pola Policía Nacional.

O alumnado de 6º participou nos obradoiros de danza, realizando unha actuación no centro na celebración dos “maios” na semana das Letras Galegas. Tamén participaron noutros obradoiros de música e instrumentos tradicionais galegos desenvolvidos polo Centro Coreográfico Galego.

Todo o alumnado do ciclo participou no 1º certame de “Escritura Rápida”, enmarcado nas actividades para a promoción do uso da Lingua Galega propostas polo EDL.

O grupo de 5º B organizou unha exposición na súa aula á que incorporaron todo tipo de invertebrados das nosas costas, tanto moluscos como crustáceos. O día 21 do mesmo mes fixeron unha saída á praia de Riazor para observar e tomar mostras para a aula. A exposición estivo aberta a todo o colexio con gran afluencia de visitantes.

O alumnado de 6º de Relixión Católica e Evanxélica foi o día 11 de decembro a Santiago de Compostela visitar unha exposición de Beléns do Mundo.

O alumnado de 6º participou nun obradoiro de encadernación impartido por AFEXDI (Asociación para a formación e o emprego de persoas con discapacidade). Tamén visitou o estadio de Riazor dentro do proxecto de “Escolas 110% Branquiazuis”.

O alumnado de 6º realizou a saída de Fin de Primaria dunha duración de tres días ao albergue de Alvarella Ecoturismo.

O alumnado de 5º realizou unha saída final de curso á Betanzos.

4.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES E EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Este curso seguimos a traballar conxuntamente os dous equipos para un mellor desempeño dos labores e aproveitamento dos recursos materiais e humanos. A valoración deste traballo cooperativo é moi satisfactoria nos últimos cursos.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) tivo como obxectivo principal seguir potenciando a nosa lingua como linguaxe vehicular útil e promover o coñecemento da nosa cultura e a curiosidade polo coñecemento.

O obxectivo deste curso do EACE foi fomentar a formación e participación de toda a comunidade educativa nas distintas actividades que se realizaron no Centro.

Para cumprir os obxectivos anteriores realizamos moitísimas actividades ao longo do curso, estas actividades foron as propias para as conmemoracións que veñen marcadas no DOG e foron aprobadas na CCP de principio de curso e outras non indicadas no DOG. Faremos a continuación unha relación de ditas actividades.

Actividades aprobadas a principio de curso na CCP:

- 20 novembro: “Día Universal da Infancia”. AULA

- 25 novembro: “Día Internacional contra a Violencia de Xénero”.
- 1/11 decembro: “Conmemoración da Constitución Estatuto de Autonomía de Galicia”.

AULA

- 3 decembro: “Día Internacional das Persoas con Discapacidade”.
- 10 decembro: “Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos”. AULA
- 30 xaneiro: “Día Escolar da non violencia e da Paz”.
- 8 marzo: “Día Internacional da muller”. AULA
- 15 marzo: “Día Mundial dos Dereitos do Consumidor”. AULA
- 5/9 marzo: “Semana da Prensa”. Traballar un día con xornais na aula. AULA
- 7 abril: “Día Mundial da Saúde”. AULA
- 23/27 abril: “Semana do libro”.
- 9 maio: “Día de Europa”. AULA
- 14/18 maio: “Semana das Letras Galegas”.
- 5 xuño: “Día Mundial do Ambiente”.

As non sinaladas e as nomeadas a continuación traballaranse de forma conxunta a nivel de centro.

- Benvida.
- Magosto/Samaín.
- Nadal.
- 4 novembro: “Día da Ciencia en Galego” .
- Entroido.
- 24 febreiro “Día de Rosalía” (con Biblioteca).
- Semana 14 maio: Letras Galegas + Semana do Teatro.
- Festa Fin de Curso.

As conmemoracións de aula traballáronse individualmente e por niveis, dependendo das actividades.

ACTIVIDADES REALIZADAS:

Elaboración das programacións de ambos equipos.

Actualización do Proxecto Lingüístico de centro.

Difusión da música galega mediante a megafonía.

Benvida para o primeiro día de clase.

Para recibir ao alumnado de Infantil e de Primaria realizamos as seguintes actividades:

Murais de recibimento en ambos edificios. O lema foi: “Hoxe é un gran día para comezar un gran curso”

Contacontos en Educación Infantil para 5º e 6º co espectáculo “O Paroleiro” da man de Pablo Pablísimo.

Xogos e talleres para Educación Primaria.

“A volta ao cole”.

Campaña da Fundación Unoentrecienmil para concienciar e recadar a favor da investigación da leucemia infantil. Realizouse un percorrido ao redor do Cole o venres 19 de outubro. Pediuse ao alumnado e profesorado un donativo voluntario de 1 euro para o dorsal. As familias e Protección Civil axudáronnos coa vixilancia da marcha.

Samáin.

Para esta celebración contouse coa importantísima axuda das familias. Aquelas que quixeron participar voluntariamente na decoración do Colexio aportaron adornos, libros, contos,... ou fixeron actividades manuais con caixas ou outros materiais de refugallo para colgar e expoñer por todo o Centro. Tamén se fixeron actividades individuais por aula. Tamén se fixo entrega á comunidade educativa dun tríptico con información desta tradición.

Magosto.

Celebrouse o 10 de novembro coas seguintes actividades:

- * Decoración dos dous edificios axeitada a dita celebración.
- * Creación de colares (na casa) de castañas, zonzos e exposición cos mesmos. Con esta actividade tentamos non perder a tradición e involucrar ás familias.
- * Entrega dun diploma para cada un dos participantes en agradecemento polo seu esforzo.
- * Elaboración de adhesivos para levar postas o día do Magosto toda a Comunidade Educativa.
- * Asado e degustación de castañas por parte de toda a Comunidade.
- * En El contamos coa presenza dunha nai de 6º de El que contou a historia da Castañeira.

- * En EP degustamos as castañas e tivemos xogos populares.
- * Exposición dos diplomas dos participantes (foto grupo) na páxina web.

Día Internacional da Violencia de Xénero.

O 25 de novembro celebramos no colexio “O día contra a violencia de xénero”. O lema escollido este ano foi “RESPECTA O MEU ESPAZO” e a actividade xirou entorno o espazo que necesita cada un e que non debemos invadir:

- * Espazo físico – tocamientos, agresións, ...
- * Espazo tecnolóxico – whatsapp, correo, ...
- * Espazo da imaxe – vestimenta, maquillaxe, ...
- * Espazo social – amizades, compañías, ...

En Educación Infantil cada aula fixo un círculo de cor negra (en cartolina) e uns bonecos en papel de cores e en Educación Primaria fíxose un círculo (por nivel) e unha frase en cartolinas de cor negra que se pegaron polo chan no corredor de entrada ao Centro.

FRASES:

- 1º - “Necesito o meu espazo”
- 2º - “Non me agobies”
- 3º - “Este é o meu círculo”
- 4º - “Déixame respirar”
- 5º - “Non se entra coa violencia dentro do meu corazón”
- 6º - “O amor non fai dano”

Nadal.

Realizamos as seguintes actividades:

Decoración da entrada do edificio principal con teas vermellas e prateadas simulando un agasallo.

Decoración das portas de tódalas aulas con motivos do Nadal e tarxeta de felicitación do colexio.

Elaboración dunha árbore de Nadal en cada edificio, para dita actividade todo o alumnado aportou un tetrabrik dun litro con base rectangular que se forrou con papel verde.

E. Infantil: Preparación dunha Panxoliña no SUM de EI e foto conxunta no mural da entrada.

EP (6º A): Teatro Bubelas.

Día da Ciencia en Galego.

Ao longo do 1º trimestre e con motivo da celebración do DÍA DA CIENCIA EN GALEGO convertémonos en científicos e investigadores e realizáronse experimentos científicos “en galego”. Estes traballos foron recompilados nun libro dixital que se publicou na [páxina web do colexio](#). Tamén se realizou un mural en cada edificio para conmemorar esta data e reivindicar a importancia das mulleres na ciencia.

Día da paz.

Celebrámolo o día 30 de xaneiro realizando as seguintes actividades:

O alumnado de El realizou unhas mans decoradas para amenizar a canción "Ven comigo" do disco Aire, da cantante María Fumaça.

Baile Break Mixer que prepararon as profesoras de música con todo o alumnado (non se levou a cabo por cuestións meteorolóxicas).

Cada titor de educación primaria confeccionou na súa aula unha paxariña de papel para decorar os murais.

Entroido.

O venres 1 marzo, realizouse o popular desfile do Entroido cunha temática inspirada no bicentenario do Museo do Prado, o alumnado e profesorado de EP recrearon cadros famosos: A moza da perla, bailarinas de Degas... e a súa vez os de educación infantil disfrazáronse de pintores con gorros de distintas cores segundo o nivel e decoraron as paletas nas aulas.

Posteriormente ao desfile fixemos unha degustación de produtos típicos desta festa que moi amablemente aportaron as familias.

O día anterior tamén se celebrou en Educación Infantil o “Entroido Choqueiro”.

Día do Cancro Infantil.

O venres 15 de febreiro para conmemorar este día púxose na entrada do colexio un gran lazo dourado e o alumnado trouxo da súa casa lazos dourados incorporados nas súas vestimentas. Nas aulas de El pintaron un lazo de papel de cor dourado que colocaron nas portas.

Día de Rosalía.

As actividades para conmemoración do día de Rosalía de Castro en coordinación co Equipo de Biblioteca Escolar foron as seguintes:

Realizamos a nosa particular homenaxe á figura desta relevante autora, cunha actividade na que o alumnado de 2º e 6º de EP recitaron poemas de Rosalía no SUM de infantil, seguido do concerto de Rosa Cedrón que interpretou poemas da autora e cancións tradicionais galegas. Tamén se fixo un cartel de “Benvida Rosa”.

Coa axuda do Equipo de Biblioteca Escolar, rodouse unha pequena curtametraxe con poemas da autora e mesmo creamos pequenos versos para darlle sentido ao noso “Rosco de Rosalía”.

Día da Muller.

O día 8 de marzo conmemoramos o Día da Muller colocando globos morados nas cortizas de EI y de EP.

Semana das Letras Galegas.

Este ano para conmemorar a celebración das Letras Galegas 2018 dedicada á Antonio Fraguas Fraguas desenvólvense as seguintes actividades:

Durante toda a semana traballáronse a súa vida e obra nas aulas: unidades didácticas impresas, lecturas, expresión plástica en murais, consulta e busca de información acerca da autora en libros e en páxinas web, descarga de materiais atopados,...

Mural: Planificouse unha actividade conxunta para a decoración de ambos edificios que consistiu na realización de mapas de Galicia feitos polo alumnado e un gran debuxo de Antón Fraguas.

Letras Galegas. Comezamos co desfile do “Maio” e as coplas elaboradas polo alumnado de 6º de EP. O baile correu a cargo dos alumnos de 4º e 6º de EP. Tamén se fixo entrega dos premios aos gañadores do Concurso de Escritura Rápida. Foi un acto moi emocionante!

Este ano quixemos remarcar a importancia de noso idioma galego e como agasallo repartimos entre toda a comunidade educativa un pequeno ramo de flores coa seguinte mensaxe: “A nosa lingua sempre viva...” e cunha frase de Antonio Fraguas Fraguas moi significativa: “Ser galeguista non é máis que ser amante da nosa terra”.

Destacamos O CONCURSO DE ESCRITURA RÁPIDA. Cada participante elaborou un texto literario en lingua galega que contiña un fragmento da autora Fina Casalderrey, Historia da bicicleta dun home lagarto: “De súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente...” Este fragmento elixido podía ser incluído ao principio, no medio ou final do texto. Na etapa de E. Infantil, en lugar de texto o alumnado fixo un debuxo alusivo ao fragmento ou que teña algunha relación con el. Os traballos foron realizados en todos os grupos no mesmo día e hora (luns 29 de abril de 12:00h a 13:00h). O profesorado de cada nivel seleccionou, nunha primeira fase, o mellor

traballo de cada grupo e, nunha deliberación posterior, conxuntamente, o mellor traballo dese nivel. Os debuxos e relatos gañadores formaron parte dunha publicación que se fixo chegar a todas as aulas do Centro. As gañadoras e gañadores de cada nivel recibiron, ademais, diferentes agasallos, no transcurso dos actos de conmemoración do DÍA DAS LETRAS.

Acto de Firma de Libros. O alumnado gañador e finalista dos relatos do concurso de escritura rápida, no recreo, asinou os libros que se editaron para posteriormente repartirse polas aulas, biblioteca, sala de profesorado,...

Por outra banda, publicouse a segunda edición da Revista dixital: "EPB". Que pretende ser unha escolma das actividades realizadas ao longo do actual curso escolar 2018-19. Un dos nosos obxectivos é fomentar a curiosidade polo coñecemento da nosa cultura e tradicións e aprender a valorar o lugar onde vivimos.

Fin de curso.

Actuacións de 6º (EI):

- Obra de teatro: "O Zampón".
- Canción "Cocorina".
- Rimas Populares en Galego.

Festa de fin de curso organizada pola ANPA ("pinta caras, inchables, xogos tradicionais, baile, chapas, actividades manuais, Gymcana, tatuaxes,..") en colaboración cos docentes.

MEMORIA DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EN INGLÉS

CELEBRACIÓNS POPULARES ANGLOSAXONAS

<i>Halloween</i>	- Xogos tradicionais na aula (<i>Apple bobbing, Mummy dance</i>)
<i>Christmas</i>	- Panxoliña en inglés para o festival de Nadal: <i>Happy Xmas</i> - Xogo de agasallos: <i>Secret Santa</i> - <i>Xmas Jumper Day</i> (14 decembro), con Save the Children
<i>Peace Day</i>	- Traballo de aula sobre diferentes "peace makers" - Reto da amabilidade (4-10 febreiro) : <i>The Great Kindness Challenge</i>
<i>Carnival</i>	- <i>Pancake race</i> : carreira de filloas
<i>World Book Day</i>	- Actividades en torno á lenda de <i>Saint George</i> - Escritura de <i>acrostic poems</i>
<i>Easter</i>	- <i>Easter egg hunt</i> : búsqueda dos ovos de Pascua polo patio - <i>Egg rolling</i> : carreira de ovos

CHARLAS - OBRADOIROS DE RELADORES ANGLOPARLANTES

SETEMBRO: " <i>Sing along with English and Declan Mathews</i> "	Charla-karaoke de cancións de todos os tempos en inglés
OUTUBRO: " <i>Passport to English</i> "	Charla sobre a lingua inglesa no mundo, como parte do

	proxecto: “ <i>Passport to English</i> ”, a cargo de Ingrid Clancy.
NOVIEMBRE: “ <i>How to be British</i> ”	Charla sobre estereotipos británicos, con Susana Barros.
MARZO: “ <i>Looking for the pot of gold</i> ”	Charla sobre Irlanda e <i>St. Patrick’s Day</i> , con Declan Mathews.
ABRIL: “ <i>New Zealand and the maori culture</i> ”	Charla sobre Nova Zelandia e o rugby, con Michaela Baker, xogadora do CRAT de A Coruña.
XUÑO: “ <i>Improve your English</i> ”	Charla-coloquio sobre como mellorar o noso inglés, a cargo de Susana Barros.

OUTRAS ACTIVIDADES	
TEATRO 12 decembro	Asistencia a una obra de teatro interactiva en inglés, a cargo da compañía Face2Face (subvencionada pola ANPA): <ul style="list-style-type: none"> o “Lost in space”: Ed. Infantil - 2º Primaria o “Robinson Crusoe”: 4º - 6º Primaria
READING CLUB	- Préstamo de libros e revistas en inglés da biblioteca de aula - Lectura de 3 títulos ao longo do curso.
PENPALS	Comunicación con alumnos do colexio St. James’ C of E Primary School (Manchester), a través de cartas e vídeos.
PHRASE AND GAME OF THE MONTH	Aprendizaxe dun dito e dun xogo popular anglosaxón por mes.
PASSPORT TO ENGLISH	Proxecto anual para coñecer 10 diferentes países de fala inglesa completando un pasaporte persoal.
SPEAKING ASSISTANT	Pero o máis salientable deste curso é que podemos contar coa presenza dun nativo norteamericano, Michael Mazzeo, quen desenvolveu un voluntariado no noso centro grazas á inestimable axuda da ONG Axuda en Acción. Con isto, fomos quen de mellorar as nosas habilidades de expresión oral a través de varias actividades: escribimos e recitamos poemas sobre a primavera, celebramos unhas eleccións na aula, coñecemos os costumes estadounidenses e convertémonos en rapaces/as americanos por un día.

5. MEMORIA “INTRODUCCIÓN Á ROBÓTICA EDUCATIVA EN PRIMARIA”

5.1. Introducción

No curso 2018/19 o CEIP Emilia Pardo Bazán (A Coruña) continúa desenvolvendo o programa de robótica co que se trata de desenvolver de xeito transversal o uso da robótica e a programación. Procuramos que todo o alumnado, independentemente das súas condicións, tivese acceso a estes recursos en horario escolar e puidese adquirir novos coñecementos que lle fosen de utilidade tanto no seu percorrido no centro escolar como na súa vida diaria. Utilizamos metodoloxías activas que favorecesen a implicación do alumnado, que os motivase cara a aprendizaxe.

5.2. Proxecto realizado

O profesorado recibiu un curso de 12 h. principalmente formación práctica no uso dos robots e na resolución de retos.

Unha nai e un pai foron os que elaboraron e explicaron na sala de usos múltiples a presenza na vida diaria dos robots para o alumnado de 4º de E.P. Esta actividade desenvolveuse na biblioLab.

A maioría das actividades realizáronse na biblioLab, dentro da área de matemáticas, aínda que relacionándoas de xeito **transversal** con outras áreas.

Elaboramos un [vídeo](#) con instrucións de utilización dos escornabots.

A continuación, utilizando os materiais elaborados e os que acompañan aos mbot, o alumnado procedeu á **montaxe e utilización básica dos robots**. Nestas sesións coñeceron o robot e algunhas das posibilidades que ofrece.

As tarefas que programamos para que o alumnado coñecese as posibilidades do robot, dos actuadores, dos sensores que se nos proporcionaron e do programa mBlock foron retos que tiñan que solucionar en equipo. O profesorado participante no proxecto elaborou recursos cos que introducir os retos, que ademais axudasen a comprendelo, tratando de relacionalos coas áreas de linguas, matemáticas, educación musical e ciencias. O **retos** realizados foron ["As matemáticas e os escornabots"](#), ["Operacións con temperatura"](#), ["Repasando operacións e números romanos"](#), ["Robot autónomo"](#) e ["Termómetro"](#). Durante o último trimestre nenos/as de 5º e 6º de E.P. prepararon diversos proxectos dirixidos aos nenos/as de E.I. e de E.P. Entre os que nos atopamos con xogos para aprender distintos contidos do área de *matemáticas*, adaptadas ás idades dos nenos/as, como operacións, figuras xeométricas e distancias, de *lingua estranxeira, lingua*, a través da lectoescritura e a narración, *educación musical, ciencias sociais e naturais, educación musical e educación física*. Estes proxectos poden consultarse nos seguintes enlaces: [traballos de 5ºE.P.](#) e [traballos de 6ºE.P.](#) No mes de xuño os alumnos destes cursos [compartiron](#) os seus proxectos con outros grupos de Educación Infantil e de Educación Primaria.

Nos **recreos** na biblioLab púxose a disposición de todo o alumnado de E.P. un recuncho para a utilización dos recursos de robótica, entre os que se atopan tableiros e retos a realizar.

5.3. Criterios

- O 100% dos retos estiveron adaptados ao currículo de E.P., desenvolvendo estándares desta área.
- O 80% do alumnado foi quen de solucionar os retos, ben de xeito individual, ben en grupo.
- O 90% do alumnado desenvolveu un proxecto en equipo co material de robótica.
- O 80% do alumnado ten gravado na memoria usb ou no ultraportátil a solución acadada nos retos.

6.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

A CCP reuniuse 6 veces ao longo do curso segundo o calendario establecido pola Dirección. Nestas reunións a Dirección informou das distintas ordes, disposicións, comunicados... procedentes da Consellería, da Xefatura Territorial ou da Inspección Educativa, así como doutros organismos oficiais ou entidades relacionadas co ámbito educativo, que afectaban á organización e funcionamento do centro. Tamén informou das diversas propostas que parten da Dirección para mellorar a organización e funcionamento da vida escolar. Nas reunións debatéronse estas informacións e os membros da CCP transmitiron os acordos aos diferentes niveis, ciclos, departamentos ou comisións.

Nestas reunións tamén se recolleron e debateron as informacións e propostas que os membros da comisión aportaban procedentes dos niveis, ciclos, comisións ou departamentos.

Deste xeito a CCP cumpriu o seu obxectivo de coordinar a vida escolar do centro e servir de enlace entre todos os membros da comunidade educativa.

7.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Profesorado especialista do departamento de orientación

No presente curso 2018/2019 o departamento de orientación estivo formado por 4 mestras de pedagogía terapéutica (PT), 2 mestras de audición e linguaxe (AL) e a orientadora.

CADRO DE PROFESORADO ESPECIALISTA PT / AL	
PT-4	Alumnado de educación infantil
PT-3	AULA DE EDUCACION ESPECIAL (dende 2013/14)
PT-2	Alumnado de EP
PT-1	Alumnado de EP
AL-2	Alumnado de educación infantil e de educación primaria
AL-1	Alumnado de educación primaria

Auxiliar Técnico Educativo (A.T.E.)

En canto ao persoal coidador, este ano contamos co mesmo número de coidadores que cursos anteriores. Sen embargo, un deles non estivo a tempo total, unicamente dous días á semana. A continuación pode verse como estivo repartida a atención:

CADRO DE PERSOAL COIDADOR A.T.E.	
A.T.E.- 1	3 alumnas de EP
A.T.E.- 2	1 alumno da aula de educación especial
A.T.E.- 3	1 alumno de 2º de EP e alumnado de educación infantil.
A.T.E.- 4	Alumnado de EI
A.T.E.- 5 (xornada parcial)	Alumnado de EI

O departamento fixo a proposta de horarios do persoal arriba reseñado para a atención á diversidade. Os apoios dos especialistas de PT e AL realizáronse algúns dentro da aula de referencia, algúns fóra e outros foron combinados. Os apoios de PT foron de sesións completas e

algúns deles en grupos de ata 3 alumnos. As especialistas de AL organizaron sesións de 25 ou 50 minutos; a atención foi individual ou en grupos reducidos de ata 3 alumnos.

Cada semana houbo unha sesión de coordinación deste profesorado para intercambio de información sobre alumnado, planificación e valoración de intervencións, toma de decisións, novas avaliacións psicopedagóxicas,...(quinta sesión do mércores). Mensualmente celebramos reunión de departamento (luns pola tarde).

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS:

Os obxectivos previstos cumpríronse en xeral dun xeito bastante satisfactorio. As relacións de coordinación establecidas entre os diversos axentes educativos tamén foron xeralmente boas.

Traballouse na contribución da detección de necesidades do alumnado así como na busca de recursos necesarios. Os criterios para a determinación de medidas educativas extraordinarias desenvolvéronse segundo a normativa vixente e a colaboración coa xefatura de estudos e dirección do centro realizáronse satisfactoriamente.

ACTIVIDADES REALIZADAS

Respecto dos obxectivos referidos ao centro:

- Elaboráronse o Plan de Orientación e do Plan Xeral de Atención á Diversidade, pendentes de presentar ante Claustro e Consello Escolar.
- Revisáronse gran parte dos protocolos do departamento.
- Traballáronse aspectos da coordinación nos cambios de etapa. Determináronse unha serie de actividades a realizar en 6º de EI para facilitar a transición a primaria. Houbo contactos cos institutos para establecer mecanismos para intercambio de información do alumnado de 6º de EP que pasa aos institutos da zona.
- Realizáronse tarefas de asesoramento en temas relacionados con avaliación e promoción do alumnado.
- Fíxose unha selección de libros e diferentes materiais para ser adquiridos polo centro para a “biblioteca inclusiva”.
- Compráronse materiais novos para o departamento.
- Colaboración con COGAMI na organización de actividades o “Día das Persoas con Discapacidade” (xogos para o alumnado, presentación dunha unidade didáctica dos Bolechas sobre a discapacidade,... actividades que foron dirixidas fundamentalmente para o alumnado de 1º e 2º de primaria).
- Houbo unha relación satisfactoria e de colaboración co equipo directivo, profesorado, equipos docentes e persoal do centro en xeral.

Respecto dos obxectivos referidos ao alumnado:

- Realizáronse avaliacións psicopedagóxicas novas (17) e actualizáronse outras (12).
- Exploración do alumnado con deficiencias na área de Linguaxe a nivel expresivo e comprensivo (14 solicitudes de intervención novas) en colaboración coas especialistas de AL.
- Seguimento e atención do alumnado con Informe Psicopedagóxico, informe médico, ...
- Asesorouse no deseño, desenvolvemento e avaliación das ACS (8).
- Colaborouse na avaliación inicial e acollida do alumnado procedente do estranxeiro (un alumno de Uruguai, dous de Colombia e tres alumnos de Venezuela).
- Elaboráronse 10 informes para solicitude de becas de neae do MECED.
- Elaboráronse informes a petición das familias para Valoración de discapacidade, para pediatras, neuropediatras, etc.
- Realizáronse sociogramas en determinadas aulas para valorar as relacións entre o alumnado.
- Coordinación da atención ao alumnado de neae (profesores PT, AL, titores, equipos docentes e persoal coidador).
- Solicitude e derivación de alumnos para recibir apoio fóra da escola: programa municipal Poténciate (9 alumnos), Unidade de Atención Municipal ao alumnado Inmigrante (UAMI) (4 alumnos).
- Solicitudes de intervención do EOE (Equipo de Orientación Específico) para reconfirmar tres alumnos e tres solicitudes de intervención novas. Foron atendidos tres das solicitudes presentadas. Dunha delas foi emitido informe por parte do especialista do EOE e dous informes están pendentes.
- Seguimento cos Servizos Sociais (educadoras sociais da zona) de 16 alumnos en situación de “risco” pertencentes a familias socioeconómico e culturalmente desfavorecidas e/ou desestructuradas.
- Coordinación da atención recibida por algúns alumnos a través de servizos externos ao centro: Hospital Teresa Herrera, Servizo de Saúde Mental, Servizos sociais, Secretariado Xitano, ASPANAES, psicólogos, psicopedagogos, logopedas, etc.
- Coordinación de reunións, propostas e acordos con profesionais de Servizos externos que inciden sobre o desenvolvemento e/ou aprendizaxes dalgúns alumnos: ASPANAES, Servizo de Rehabilitación, Atención Temperá, COGAMI...
- Atención preferente aos alumnos con NEE (TXD, TEA, ...)
- Emitiuse ditame de escolarización de dous novos alumnos con NEE (admisión curso 2019/20).
- Coordinación e intercambio de información cos orientadores dos IES da zona sobre o alumnado de 6º de EP.

- Colaboración por parte dalgúns membros do departamento na organización ao longo de todo o curso do grupo de teatro interaulas coa participación de alumnado con neae e como recurso para favorecer a inclusión e desenvolvemento de competencias.
- Participación de varios membros do departamento xunto con outros mestres do centro no PFPP “Patios dinámicos inclusivos” co obxectivo de mellorar a inclusión do alumnado con NEE nos períodos de lecer.
- Participación nas sesións trimestrais de avaliación e elaboración de informes iniciais e finais do alumnado que recibe atención de PT e AL.

Respecto dos obxectivos referidos ao profesorado:

- Coordinouse a actuación de titores co profesorado de apoio e a orientadora, de cara a dar respostas unificadas ás necesidades do alumnado.
- Asesorouse a titores/as de forma individualizada sobre aspectos concretos dos alumnos, das familias e de apoios dos servizos externos, colaboración e coordinación cos mesmos.
- Proporcionouse material didáctico a titores que o solicitaron, dirixido a alumnado con neae e outros.
- Información sobre a posibilidade de “flexibilización” ao remate de Etapa. Había varios alumnos en educación infantil susceptibles de optar a esta medida e despois das reunións do equipo docente e coas familias, tomouse a decisión de flexibilizar para un deles. Así mesmo, solicítase flexibilización para un alumno de aula de EE.
- Colaboración co profesorado nas tarefas de acción tutorial: estratexias para a solución de problemas de convivencia na aula, relación coas familias, etc.
- Proporcionouse información ao profesorado que o precisou sobre actividades e técnicas para xestión de emocións, control de conduta e habilidades sociais.
- Colaboración entre especialistas de PT e AL e orientadora para localizar información, experiencias e material adaptado.
- Información e coordinación no remate e comezo de Etapa. Atención e posta en práctica dos acordos tomados para facilitar o paso de E.I a E.P.
- Coordinación con COGAMI para a organización e desenvolvemento no centro dunha sesión formativa sobre “Sistemas de comunicación alternativos e aumentativos” dirixido ao profesorado do centro interesado.

Respecto dos obxectivos referidos ás familias e á Comunidade:

- Realizáronse entrevistas con familias de alumnos proporcionando información, para propoñer a solicitude de intervención de servizos externos ao centro, para coordinar actuacións en cuestións de modificación de condutas,....

- Informouse e asesorouse a familias de alumnos/as con neae, tanto aqueles que teñen informe psicopedagóxico e reciben atención de especialistas de PT e AL, como de aqueles que precisan reforzo educativo e colaboración da familia.
- Información concreta ás familias sobre o apoio de especialistas PT e AL.
- Coordinación entre os departamentos do CEIP e o IES Salvador de Madariaga (a orientadora foi convocada e asistiu a tres reunións ao longo do curso e coordinou e acompañou na visita do alumnado ao instituto adscrito) e o IES Rafael Dieste.
- Participación no Plan de Acolida Escolar especialmente recepción e información ás familias e alumnado do alumnado procedente do estranxeiro.
- Coordinación cos servizos externos que atenden a alumnado do centro: EOE, psicólogos e logopedas privados, Centro Cívico de Labañou, ASPANAES, Secretariado Xitano, Saúde Mental Infantil, Universidade da Coruña, ...
- Diversas entrevistas individuais e grupais coa familia, profesorado, terapeutas, psicólogos, logopedas,... relacionadas coa atención a alumnado con NEAE.

Obxectivos referidos ao funcionamento do departamento:

- Revisión e adquisición de material psicotécnico, bibliográfico,... para o departamento.
- Elaboración e localización de material didáctico adecuado para propoñer a colaboración da familia no reforzo educativo.
- Adquisición de material didáctico para alumnos con NEE e NEAE.
- Varios membros do departamento participaron en diversas xornadas de formación (sobre funcionamento de departamentos de orientación, inclusión, trastornos de aprendizaxe,...) e no PFPP “Patios dinámicos” que ten lugar no centro.
- Nas reunións periódicas dos membros do departamento abordáronse temas, situacións ou dificultades que se presentan co alumnado. Tamén se adicou un tempo á información, reflexión en grupo e toma de conciencia das dificultades de alumnos con determinadas características, adaptacións curriculares, protocolos, ...
- Elaboración de diversos documentos solicitados pola administración educativa: DRDADI, DRDORIENTA, ditames de escolarización, solicitudes de flexibilizacións, previsión de necesidades, Pan Anual de Orientación e Memoria anual do departamento.

AVALIACIÓN E CONSIDERACIÓNS

Esta memoria pretende valorar o desenvolvemento do Plan Anual incluído na PXA. A valoración é positiva no seu conxunto. Hai que ter en conta que moitos membros do departamento son novos no centro: dous especialistas de PT e unha de AL tiñan continuidade con respecto aos cursos anteriores; sin embargo, a orientadora, un especialista de PT e outra de AL chegaron este

curso. De cara ao vindeiro, haberá tamén bastantes cambios (déixannos tres especialistas de PT e unha de AL) con todos os inconvenientes que isto supón.

Recursos humanos

Maniféstase a necesidade de contar, como mínimo, para o curso que ven, co mesmo número de especialistas PT e AL que este. A nivel persoal ATE sería necesario volver a contar cos 5 coidadores a tempo total (xa que este curso un deles só estivo no centro dous días á semana).

7.1. AULA DE EDUCACIÓN ESPECIAL

Neste curso 2018/2019 a aula de Educación Especial seguíu adaptándose progresivamente, dadas as peculiaridades que ten, as características do centro ordinario onde está habilitada. En certas ocasións non resultou doado posto que modificar as propostas de centro planificadas para o alumnado de escolarización ordinaria modificándoo para adaptalo á modalidade de escolarización extraordinaria ten certa complexidade e máis aínda sendo a titora da aula a única responsable de facelas. Dado que a aula ten continuidade, quizáis podería plantexarse axeitado o nomear un equipo docente no centro que puidera coordinarse buscando propostas didácticas de funcionamento da aula para que a responsabilidade non sexa dunha única persoa.

A saúde do alumno implica traballar tendo en conta espazos e tempos variables dependendo de cada día. Esta flexibilidade da aula, deu lugar a que en determinados momentos non se puidera levar a cabo a planificación de tarefas. A nosa metodoloxía de traballo precisa da anticipación de actividades, é isto durante o curso foi un punto débil posto que algunhas veces non nos chegou a información, ou se chegou, foi tarde.

A aula de Educación Especial está plantexada como un recurso educativo que ten como obxectivo primordial o de facilita-la integración do seu alumnado, e para isto “se procurará a maior participación deste nas actividades que o centro desenvolva” (Orden 27 de decembro de 2002). Como todos os anos, estas actividades inclusivas co resto do centro varían en función da implicación do claustro, tanto nas actividades planificadas para a nosa aula como as que planifican estes para o resto do alumnado. Debemos ter en conta que a dinamización da aula é imprescindible e fundamental para o bo funcionamento da mesma e para isto necesitamos sentirnos partícipes dun grupo dentro da comunidade educativa.

Este curso tivemos máis peso na toma de decisións como unha titoría máis coa autonomía que procede. O noso obxectivo será o de seguir traballando para que esa interrelación cos niveis

sexa maior e poidamos participar coas demais titorias en tódalas actividades do centro posto que a transversalidade da aula con respecto do centro é un dos aspectos máis importantes para a súa correcta organización.

Como resumo do traballo iniciado hai catro cursos, quero dicir que non sempre foi doado nin sempre puideron facerse tódalas estratexias planificadas para que a dinámica da aula e do centro favorecesen as boas prácticas inclusivas, aínda que sempre houbo intención de facelas. É importante dicir que a participación e colaboración da dirección do centro e da xefatura de estudos foi imprescindible para deixar esa flexibilidade de organización, ás veces fóra do habitual por non estar establecido así co resto das aulas.

ACTIVIDADES REALIZADAS CURSO 2018/19

ACTIVIDADES DE AULA	<ul style="list-style-type: none"> Especialidades: música, inglés, danza, plástica, valores, robótica e E.F.)
	<ul style="list-style-type: none"> Sesións de A.L.
	<ul style="list-style-type: none"> Mesa con luz.
	<ul style="list-style-type: none"> Tablet.
	<ul style="list-style-type: none"> Día das enfermidades raras.
	<ul style="list-style-type: none"> Experimentando con material.
	<ul style="list-style-type: none"> Visita de alumnos NEAE á aula Específica.
	<ul style="list-style-type: none"> Visita aulas de 3º.
	<ul style="list-style-type: none"> Aula amiga (5º E.I.)
	<ul style="list-style-type: none"> Cociñando magdalenas.
	<ul style="list-style-type: none"> Comedor.
	<ul style="list-style-type: none"> Merenda.
	<ul style="list-style-type: none"> Regamos as plantas.
	<ul style="list-style-type: none"> Actuación 6º E.I.
	<ul style="list-style-type: none"> Cumpleanos.
	<ul style="list-style-type: none"> Biblioteca: libro de sons.
<ul style="list-style-type: none"> Traballo de mesa. 	

	<ul style="list-style-type: none"> • Axenda diaria/menú diario/axenda comportamento.
	<ul style="list-style-type: none"> • Compra Carrefour.
ACTIVIDADES DE CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> • Horto.
	<ul style="list-style-type: none"> • Magosto.
	<ul style="list-style-type: none"> • Nadal
	<ul style="list-style-type: none"> • Día da Paz
	<ul style="list-style-type: none"> • Plan Proxecta
	<ul style="list-style-type: none"> • Experiemento día da ciencia.
	<ul style="list-style-type: none"> • Día de Rosalía
	<ul style="list-style-type: none"> • Carnaval
	<ul style="list-style-type: none"> • Letras galegas
	<ul style="list-style-type: none"> • Os Maios
	<ul style="list-style-type: none"> • Concurso de escritura rápida.
ACTIVIDADES CO NIVEL (6º)	<ul style="list-style-type: none"> • Visita autores.
	<ul style="list-style-type: none"> • Buscando ovo de Pascua.
	<ul style="list-style-type: none"> • Charla alimentos.
	<ul style="list-style-type: none"> • Concerto música tradicional.
	<ul style="list-style-type: none"> • Facendo libro adaptado
SAÍDAS	<ul style="list-style-type: none"> • Concerto Palacio da Ópera.
	<ul style="list-style-type: none"> • Torre de Hercules.
	<ul style="list-style-type: none"> • Estadio Deportivo.
	<ul style="list-style-type: none"> • Saída en Bus/paseo polo Marina.
	<ul style="list-style-type: none"> • Aquarium Finisterrae.
	<ul style="list-style-type: none"> • Bonilla.
	<ul style="list-style-type: none"> • Pista de Skate/ saídas polo entorno.
	<ul style="list-style-type: none"> • Teatro Ágora.

8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A convivencia no centro escolar foi, en xeral, boa.

Seguimos a utilizar a aula de convivencia para o alumnado que non ten un comportamento aceptable e tivemos alumnos, en moi contadas ocasións.

As incidencias que xurdiron no día a día, foron resoltas, na maioría dos casos, polos titores sen ter que recurrir a esta aula.

Vemos que os programas de convivencia que estamos a seguir no centro están a mellorar a convivencia entre o alumnado, tanto nas clases como nos patios.

Aínda co dito anteriormente, tivemos dous alumnos no centro que si alteraron a normal convivencia de todos os días. Unha alumna de primeiro, polo que a titora solicitou máis horario de coidadoras na súa aula, este aumentouse, todo o que as necesidades do centro o permitiron, pero a convivencia na clase non mellorou moito debido as características especiais de dita alumna.

Así mesmo un alumno do segundo nivel, en momentos moi puntuais, tamén alterou a boa marcha da súa aula, polo que tivemos varias reunións cos seus pais e varias charlas co alumno en cuestión. Estivo varias veces na aula de convivencia, no despacho e na aula da Xefa de estudos.

Debido a un grave altercado no Comedor Escolar, esta dirección, xunto cos responsables de dito Comedor Escolar, viuse na obriga de privalo do servizo de comedor escolar os dous últimos días lectivos do curso despois de ter unha reunión cos seus proxenitores.

9.- MEMORIA DE BIBLIOTECA. (Ver Anexo II)

10.- MEMORIA DA COMISIÓN TIC.

Os obxectivos propostos na PXA acadados este curso, son os seguintes:

- Continuar co traballo do proxecto ABALAR para favorecer o funcionamento do Eva E-dixgal.
- Proporcionar formación, ó profesorado da Comisión TIC e outro que o solicite, para empregar as TICS como medio de intercambio de experiencias e de información entre a comunidade educativa.
- Designar, dentro da Comisión TIC, unha persona responsable de cada nivel para recabar material significativo para ser publicado na páxina web do colexio.
- Revisar a autorización de imaxes do alumnado para fomentar un uso axeitado.
- Realizar reunións periódicas co Equipo de Biblioteca para traballar de forma conxunta poñendo a súa disposición os nosos recursos, tanto humanos como materiais.
- Adquirir, por parte do colexio, a subscrición a unha conta de Vimeo para compartir e almacenar videos dixitais.

A maiores, houbo outros avances:

- Emprego do software libre Drupal para administrar e deseñar a web do colexio.

- Utilización do xestor de imaxes Coppermine para albergar fotografías en álbumes, agrupados en categorías e permitindo múltiples usuarios.
- Uso da Plataforma Goodreads como ferramenta para promocionar os libros que desde o Equipo Biblioteca se propoñen como novidades.
- Mellora na xestión das incidencias técnicas comunicándoas á Dirección do centro de forma inmediata a través do correo electrónico.
- Asesoramento ó profesorado en diferentes aspectos como edición e tratamento do audio, programación dos Escornabots e, axuda co software dos ordenadores tanto de aula como persoais.
- Merca de novos equipos: mesas de luz, robots escornabots, impresora 3D, sensores, portátil, ipads, comunicador, libro parlante, muro interactivo, impresora cor.
- * Actualización do software dos ordenadores da sala do profesorado con programas de robótica, con software libre de edición de video, audio, fotografía... entre outros.

- Formación da comunidade educativa:

Profesorado: PFPP Robótica

Alumnado: experimentos, 1 h. de robótica en clase de matemáticas para 5º e 6º de E.P. Visita á Domus para desenvolver Obradoiro de e-téxtiles.

Familias: charla sobre robótica por parte dunha familia con alumnado de 4º de E.P.

- Instalación de novos programas: Tinkercad e Cura (impresión 3D), mBlock (robótica).
- Novas instalacións: 4 ordenadores e unha impresora na biblioteca, EDI na BiblioLab.

Os obxectivos propostos na PXA que están en proceso, son os seguintes:

- Dinamizar a publicación de contidos de actualidade relacionados coa vida escolar do noso centro, na páxina web e nos diversos blogues de aula e especialidades.
- Promover que o profesorado faga emprego de Google Drive e Dropbox para o envío e almacenamento de arquivos.

Propostas de mellora:

- * Proponse que no momento de enviar á comisión de TIC material fotográfico ou videográfico, se acompañe dun breve texto sobre a actividade, para axilizar a súa publicación.

11.- MEMORIA DO HORTO ESCOLAR

Ver ANEXO IV

12.- MEMORIA DA COMISIÓN DE TEATRO

Durante o presente curso, a Comisión de Teatro centrou o seu traballo na organización da representación da obra do grupo de teatro interaulas. Nesta ocasión decidimos reestrear unha obra que xa puxeramos en escena hai seis anos: O Crebanoces. Á nosa adaptación do 2012 engadímoslle unha introdución e varios bailes, o que nos permitiu dar a oportunidade de pisar o escenario a todos os alumnos de 4º, 5º e 6º que quixeron participar (mesmo algúns de 3º, que se incorporaron máis tarde, completando un grupo de máis de 90 nenas e nenos).

O gran número de actores permitiunos, entre outras cousas, seguir sendo fieis ao espírito inclusivo que guía este proxecto desde o comezo; ao tempo que traballamos as competencias comunicativas e artísticas, así como a responsabilidade, xunto coas habilidades sociais e de traballo en equipo de todos os membros do elenco.

Os ensaios tiveron lugar durante os recreos de todo o curso, organizados por escenas e/ou grupos de baile e canto; e 4 tardes de maio e xuño, para “ensamblar” toda a montaxe.

Finalmente, puidemos actuar no auditorio do centro municipal Ágora o pasado 11 de xuño: pola mañá, dentro deste proxecto pedagóxico de teatro, actuamos para todos os alumnos de primaria, cos que se traballou desde as titorías a importancia da atención e o respecto do público de cara a aqueles que se soben a un escenario. Este traballo titorial reflectiuse nun excelente público, especialmente atento e respectuoso.

Pola tarde actuamos, no mesmo escenario, para as familias e amigos, con gran éxito de asistencia.

Un ano máis, todo este proxecto puido levarse a cabo grazas á colaboración da ONG “Axuda en Acción”, que axudou nos gastos de vestiario, maquillaxe e transporte; e grazas á implicación de toda a Comunidade Educativa (profesorado, familias e persoal non docente), especialmente os membros do Claustro, que adicaron parte do seu tempo escolar e extraescolar, a apoiarnos nos ensaios, preparativos e actuacións.

Tamén especial mención merecen a colaboración de Xulio e Carlos Gallego, os artistas que pintaron os decorados da obra; e a nosa compañeira Chus López Vila, que dirixiu un mini “Master de teatro” no que, cos ensaios duns poucos recreos, conseguiu mellorar enormemente a expresividade dos nosos actores.

Ao comprobar o extraordinario esforzo grupal que fomos quen de facer tanto adultos como nenos; o balance final é, un ano máis, moi positivo: a superación persoal que acadaron moitos dos nenos, o entusiasmo, compromiso e integración de todos eles, fai que todo o traballo merecera a pena.

Por outro lado, desde a comisión de teatro tamén demos cobertura puntual a outras actividades co suministro de teas, maquillaxes, ou elementos de atrezzo.

En xeral, consideramos acadados a maior parte dos obxectivos que nos propuxemos a comezos de curso; aínda que o da organización e catalogación dos recursos do almacén de teatro, non fomos quen de completalo, por falta de tempo; agardamos poder facelo no vindeiro curso.

13.- MEMORIA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

13.1.- TRANSPORTE ESCOLAR

Durante este curso utilizaron o servizo de transporte escolar da Consellería de Cultura, Educación e O. U. un total de 17 alumnos/as residentes no Portiño.

O servizo de transporte correspondeu ao igual que en cursos anteriores á empresa Autocares Lista, S. L., que por xubilación do seu propietario foi traspasada a outra empresa de transporte conservando de momento a mesma denominación.

13.2.- SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, PROGRAMA DE MADRUGADORES E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

A) COMEDOR

Este curso funcionou o comedor escolar no horario habitual de Comedor (de 14:00 A 16:00) e o Programa Madrugadores (de 7:30 a 9,00, con entrada de 7:30 a 8:30, con ou sen almorzo). A organización e administración do Comedor Escolar e de Madrugadores é por conta do ANPA Milnen@s, por concerto coa empresa JARDANAY S.L.

O Servizo Municipal de Educación adxudicou á empresa Jardanay S.L. a xestión de Madrugadores por un prazo de catro anos.

O colexio facilita o funcionamento deste servizo poñendo a súa disposición o comedor sito no novo edificio/aulario de infantil. A atención ao alumnado no horario de comedor é por conta do ANPA Milnen@s e da empresa coa que contrata o servizo.

A persoa responsable no centro por parte da empresa JARDANAY é Adriana, tanto para comedor como para madrugadores. Dentro do contrato vixente coa empresa Jardanay cómpre salientar as seguintes aportacións adicionais:

- 6 bolsas de axudas
- Inscripción e baixas en liña
- Festa de fin de curso por conta da empresa para todos os alumnos do colexio

Ademais, para completar a hora de despois de comer téñense establecido una serie “didácticas lúdicas” para evitar conflitos durante o comedor.

O aforro neste novo contrato para as familias (e para o Anpa como entidade) na xestión do comedor e as actividades relacionadas co mesmo excede de 10.000 euros aproximadamente fronte a anteriores contratos. Toda a información dos menús, actividades realizadas, prezos e trámites para a inscrición están actualizados no blogue do ANPA na seguinte ligazón: <https://milnenosgalego.blogspot.com/>

COMEDOR (datos con data de efectos 19/06/2019)

Total: 316 nenos/as inscritos.

Por modalidade de asistencia (infantil e primaria):

Esporádicos	Fixos	Descontínuos ou quenda laboral
11	199	106

Por días:

Cursos	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
EI 4º	28	27	27	26	28
EI 5º	21	25	22	25	22
EI 6º	24	28	27	25	26
P 1º	29	28	28	30	27
P 2º	27	31	28	28	32
P 3º	34	36	35	37	36
P 4º	23	27	22	25	26
P 5º	18	18	18	17	14
P 6º	22	24	22	25	22
TOTAIS	226	244	229	238	233

Por ciclos (inscritos por curso, en calquera modalidade):

Cursos	Nenos	Nenas	Total
EI 4º	21	12	33
EI 5º	12	19	31
EI 6º	22	21	43
P 1º	19	19	38
P 2º	17	19	36
P 3º	25	19	44
P 4º	17	18	35
P 5º	12	13	25
P 6º	19	12	31
TOTAIS	164	162	316

Nº Monitores: 12

Nº Camareiras: 3

MADRUGADORES (datos con data de efectos 19/06/2019)

Total: 118 nenos/as inscritos.

Por modalidade de asistencia (infantil e primaria):

Esporádicos	Fixos	Descontínuos ou quenda laboral
8	70	40

Por días:

Cursos	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
EI 4º	6	7	6	7	6
EI 5º	10	11	10	10	10
EI 6º	13	14	14	15	14
P 1º	5	3	4	3	3
P 2º	3	3	4	4	5
P 3º	9	13	10	12	11
P 4º	13	12	11	12	12
P 5º	8	10	8	9	9
P 6º	10	12	11	12	11
TOTAIS	77	85	78	84	81

Por ciclos (inscritos por curso, en calquera modalidade):

Cursos	Nenos	Nenas	Total
EI 4º	8	3	11
EI 5º	7	6	13
EI 6º	8	9	17
P 1º	3	4	7
P 2º	6	1	7
P 3º	12	6	18
P 4º	9	10	19
P 5º	9	4	13
P 6º	6	7	13
TOTAIS	68	50	118

Nº Monitoras/es: 3.

Nº Camareiros/as: 1.

B) ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

En total ofertáronse a principios de curso 60 edicións de actividades. Dentro da premisa de que a especialización das empresas de actividades revirte nunha maior calidade das mesmas, o número de empresas contratadas para a impartilas foi acorde: 17 provedores diferentes de actividades durante o presente curso.

A inscrición nas actividades extraescolares abriuse a principios de xullo con tramitación exclusivamente en liña, a través de aplicación do ANPA a tal efecto.

Toda a información das mesmas publicouse de forma oportuna no blogue do ANPA, na seguinte ligazón:

<https://milnenosgalego.blogspot.com>

O cadro de actividades organizadas para este curso foi o seguinte:

INFANTIL					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00	High School Musical	Pintura (lista espera)	Patinaxe II	Pintura (lista espera)	Patinaxe II
	Judo I	Ximnasia rítmica	Judo I	Ximnasia rítmica	Jumping Clay
	Percusión	Xogos predeportivos	Fun English	Xogos predeportivos	Fun English
		Bádminton (6º)	Baile galego		Bádminton (6º)
					Pequechef
17:00	Música	Baile moderno	Música	Baile moderno	Capoeira
	Patinaxe I (só luns)	Judo II		Judo II	

PRIMARIA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00	Clube de idiomas (3º a 6º)	Clube de idiomas (3º a 6º)	Clube de idiomas (3º a 6º)	Clube de idiomas (3º a 6º)	Clube de idiomas (3º a 6º)
	Esgrima	Pintura (1º)	Esgrima	Pintura (1º)	Jumping Clay (1º a 3º)
	Fútbol iniciación (2011/12)	Básket iniciación (2011/12)	Fútbol benxamín (2009/10)	Fútbol iniciación (2011/12)	Básket iniciación (2011/12)
	Patinaxe I (só luns)	Ximnasia rítmica (1º)	Baile galego	Ximnasia rítmica (1º)	Pequechef

	Xadrez	Listen & Speak (3º e 4º)	Xadrez	Listen & Speak (3º e 4º)	Bádminton
	Judo I (1º)	Robótica (4º a 6º)	Judo I (1º)	Robótica (1º a 3º)	
	Pandeireta	Judo II (2º a 6º prim)		Judo II (2º a 6º prim)	
	Vóleibol	Bádminton		Vóleibol	
17:00	High School Musical	Listen & Speak (5º e 6º)	Patinaxe II	Listen & Speak (5º e 6º)	Patinaxe II
	Fútbol alevín (2007/08)	Básket benxamín (2009/10)	Fútbol alevín (2007/08)	Fútbol benxamín (2009/10)	Básket benxamín (2009/10)
	Judo I (2º a 6º prim)	Básket alevín (2007/08)	Judo I (2º a 6º prim)		Básket alevín (2007/08)
		Ximnasia rítmica (2º a 6º)		Ximnasia rítmica (2º a 6º)	Capoeira
		Pintura (2º a 6º)		Pintura (2º a 6º)	
		Judo II (1º)		Judo II (1º)	
		Baile moderno (1º)		Baile moderno (1º)	

As localizacións das actividades son tres:

- O antigo colexio de El (colexio azul), no cal se usan as tres plantas para a maioría das actividades culturais
- O pavillón para as deportivas
- O colexio de primaria (aula de informática) para robótica

A continuación se explican en detalle as mesmas:

- Baloncesto, fútbol, vólei e bádminton: pavillón
- Ximnasia: ximnasio do pavillón
- Esgrima: ximnasio do pavillón (luns) e colexio azul (mércores)
- Robótica: colexio primaria (aula informática).
- Patinaxe e predeporte: patio cubierto colexio azul
- Clube de idiomas: colexio azul (planta 2)
- Capoeira, judo, baile galego, baile moderno, pandeireta, High School Musical, Fun English, Listen & Speak, pequechef, percusión e xadrez: colexio azul (planta 1)
- Pintura, percusión, Jumping Clay e música: colexio azul (planta 0)

A división por tipoloxía de actividade sería a seguinte:

Creatividade

- Baile galego
- Club de idiomas
- Fun English
- High School Musical
- Jumping clay
- Listen & Speak
- Música
- Pandeireta
- Pequechef
- Percusión
- Pintura
- Robótica
- Xadrez

Deportivas

- Bádminton
- Baloncesto
- Fútbol
- Judo
- Patinaxe
- Predeporte
- Voleibol

Mixtas

- Baile moderno
- Capoeira
- Esgrima histórica
- Piscina
- Ximnasia rítmica

Ademais ofertáronse pero finalmente non puideron acadar o mínimo necesario para facer grupo as seguintes actividades:

- Balonmán
- Gaita
- Ioga

As actividades de Baile galego, Baile moderno, Baloncesto, Capoeira, Esgrima, Fun English, Fútbol, High School Musical, Ioga, Judo, Jumping Clay, Música, Pandeireta, Patinaxe, Pequechef, Percusión, Pintura, Predeporte, Robótica e Ximnasia rítmica desdobláronse en diferentes sesións por rangos de idade. Algunhas destas sesións non acadaron o número de usuarios mínimo preciso para poñelas en marcha e se procederon a unificar.

As entidades encargadas de impartir as actividades foron as seguintes:

- A.C. SON D'AQUI: Baile galego, pandeireta e percusión
- Academia de la Espada: Esgrima histórica
- Adagio Cantabile: Música e Baile moderno
- Aprovisa: Pintura
- ARKITAS ROBOTICA S.L.: Robótica
- Asociación Galega de Axedrecistas: Xadrez
- Club Deportivo Los Rosales: Fútbol e Baloncesto
- Club Rítmica Millenium: Ximnasia rítmica
- Club Voleibol Calasancias: Voleibol
- CPA MAXIA: Patinaxe
- Edukajudo: Judo
- INNOVA: Clube de idiomas, High School Musical
- JUMPING KIDS: Fun English, Jumping Clay, Pequechef,
- MOVE: Bádminton
- Paso a Paso: Capoeira
- Play Code Academy: Robótica

- Sociedade Cultural e Deportiva Samieira: Predeporte

O número de participantes ao longo do ano por actividade foi o seguinte:

Actividade	Inscripcións
Badminton	15
Baile galego primaria	20
Baile moderno infantil e 1 primaria	21
Baloncesto alevín	28
baloncesto benxamín	29
Baloncesto iniciación	22
Capoeira	7
Clube de idiomas luns	6
Clube de idiomas martes	13
Clube de idiomas mércores	8
Clube de idiomas venres	5
Clube de idiomas xoves	11
Esgrima histórica	11
Fun English infantil	12
Futbol alevín	9
Futbol benxamín	22
Futbol iniciación	8
High School Musical infantil	16
High School Musical Primaria	9
Judo infantil e 1 primaria grupo I	25
Judo infantil e 1 primaria grupo II	10
Judo primaria grupo I	29
Judo Primaria Grupo II	28
Jumping clay	16
Musica infantil con Adagio	7
Natación/Piscina	30
Pandereta primaria	14
Patinaxe infantil	17
Patinaxe infantil luns	9
Patinaxe primaria	21
Patinaxe primaria luns	21
Pequechef primaria	16
Percusión infantil	6
Pintura 2 a 6 primaria	18
Pintura infantil e Primaria 1	21
POE Listen and speak	14
Predeporte	21
Robótica cursos 1 a 3 primaria	14
Robótica cursos 4 a 6 primaria	14
Voleibol	13
Xadrez primaria	7
Ximnasia rítmica infantil e 1 primaria	26
Ximnasia rítmica primaria	10

Nas actividades que coordina o ANPA hai máis de 350 nenos e nenas participando nas distintas actividades (algúns en máis dunha actividade o que da un total de 679 inscricións ao longo do curso).

Actividades deportivas do Concello

Na Campaña de Natación Escolar, dependente do Concello de A Coruña, inscribíronse a comezo do curso escolar (e coa posibilidade de ampliar ata decembro o número de inscrites/as) un total de 30 nenos/as de 3º e 4º de primaria. Os nenos/as desprazáronse en autobús á piscina de Riazor, os luns de 16:30 a 18:10, e nos primeiros días valorouse o nivel de cada neno/a para establecer os grupos necesarios e o número de monitores.

C) ESCOLA DE NAIS E PAIS

Este curso celebrouse a II Edición da Escola de Nais e Pais (ENP). A ENP configúrase como unha serie de charlas e obradoiros prácticos nos que se tratarán temas de interese para as familias. A ENP finánciase coas aportacións das familias socias do Anpa e coa colaboración das entidades seguintes:

- ONG Axuda en Acción a través do plan de actividades asinado co CEIP Emilia Pardo Bazán e ANPA Milnenos para o curso 2018/2019.
- CC Los Rosales coa cesión do local para a celebración do obradoiro de disciplina positiva

As inscricións nas sesións foron gratuítas para todos os socios, con servizo de canguros tamén gratuíto para o coidado dos menores durante as charlas. Este ano ademais abríronse a socios doutras ANPAS da cidade.

As sesións este ano foron as seguintes:

- Disciplina positiva: sesión informativa: 19/10/2018 18:00-20:00
- Disciplina positiva: obradoiros primeira edición: 26/10/2018 16:00-20:00 e 27/10/2018 10:00-14:00
- Os menores na rede 22/11/2018: 18:00-20:00
- Obradoiro de etiquetado nutricional: 30/01/2019 18:00-20:00
- Obradoiro de almorzos e merendas saudables: 16/02/2019 10:00-14:00
- Prevención do acoso escolar (bullying, cyberbullying,...): 26/03/2019 18:00-20:00
- O cambio a secundaria e clausura: 29/05/2019 18:00-20:00

Tivéronse que anular dúas charlas por falta de inscricións:

- Odontopediatría: 11/03/2019 18:00-20:00
- Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) 30/04/2019 16:00-18:00

A asistencia foi a que se indica a continuación:

- Familias en total: 140
- Alumnos usuarios do servizo de canguros gratuíto: 61 nenos/as

Toda a información da escola de Nais e Pais deste curso e anteriores se pode consultar no blogue do ANPA, no seguinte ligazón: <https://milnenosgalego.blogspot.com/p/escola-de-nais-e-pais.html>

D) CAMPAMENTOS

Este curso xestionamos dous campamentos: o de Nadal e o de Verán.

Campamento de Nadal

O Campamento de Nadal, xestionado a través de Fedapas e cubrindo 6 días non lectivos de Nadal, coas seguintes características:

- Madrugadores de 08:30 a 10:00
- Campamento de 10:00 a 14:00
- Comedor de 14:00 a 15:30

O número de alumnos que fixeron uso do campamento foi o seguinte:

Quenda	Campamento	Madrugadores	Comedor
Semana 1	26	16	15
Semana 2	24	16	15

Campamento de Verán

O Campamento de Verán de 2019, ao contrario que outros anos, xestionouse integramente polo ANPA Milnenos. O servizo de madrugadores e comedor contratouse con Jardanay e o campamento con Innova.

Características principais:

- Dende o 25 de xuño ata o 2 de agosto e dende o 2 ata o 9 de setembro
- Madrugadores de 07:45 a 10:00
- Campamento de 10:00 a 14:00
- Comedor de 14:00 a 15:30

As inscricións abríronse para socios dende o 15 de maio e para non socios a partir do 10 de xuño. A inscrición, ao contrario que noutros campamentos xestionados por Fedapas, foi en liña.

O número de alumnos inscritos en cada semana do campamento foi o seguinte (a data 19/06/2019, aínda abertas as inscricións en todas as quendas):

Quenda	Campamento	Madrugadores	Comedor
Semana 1	43	20	23
Semana 2	50	23	30
Semana 3	50	20	32
Semana 4	50	28	31
Semana 5	50	28	32
Semana 6	33	23	27
Semana 7	45	26	27
TOTAIS	321	168	202

Toda a información dos campamentos se pode consultar no blogue do ANPA, no seguinte ligazón:

<https://milnenosgalego.blogspot.com/p/campamentos.html>

Colaboramos coa Festa do Magosto do CEIP, o 9 de novembro, aportando as parrillas para o asado das castañas e coordinando a todo o persoal voluntario entre os socios do ANPA (máis de 17 voluntarios este ano).

A seguinte foi a Festa de Entroido, o 1 de marzo, financiada polo ANPA para socios, acadando novamente os 500 asistentes no Pavillón de Cocheiras. Este ano a empresa encargada da mesma foi Innova. Tivemos concursos de carteis, concurso de disfraces, animación, e comida (coa colaboración novamente de Jardanay).

Para as celebracións de fin de curso, desde o ANPA realizamos a impresión das orlas tanto de 6º de EP, como de último ano de EI, para que cada neno dos devanditos cursos poida levar un recordo material do seu paso polo CEIP.

A festa de fin de curso, o venres 21, corre tamén a cargo do ANPA, coa colaboración da empresa de lecer educativo Serocio e a actuación do Mago Benxamín.

O 25 de maio tamén participamos na III Festa das ANPAS da Escola Pública en Gandarío, con case 50 asistentes inscritos entre os nosos socios.

F) OUTRAS ACTIVIDADES

O 27 de outubro o ANPA colaborou coa Volta ao Cole un ano máis, organizada pola Asociación Unoentrecienmil a favor da cura contra a leucemia infantil. O ANPA Milnenos colaborou coa organización (con 13 socios voluntarios) e aportou un euro adicional por cada socio renovado este ano (un total de 464 euros).

Este ano, a través de dúas doazóns, unha de Indra e outra da Delegación da AEAT, acadamos o obxectivo de renovar o aula de informática do CEIP con 25 ordenadores modernos. Entre outros, a actividade extraescolar de robótica se beneficiou dunha actualización do equipamento máis que necesaria.

O 12 de decembro o ANPA financiou as xornadas de teatro en inglés, formadas por dúas obras representadas en catro sesións.

Coma todos os anos, participamos na XXIII Mostra Fórum, coa participación de 13 alumnos de baile moderno, 15 de baile galego, 12 de pandeireta e a mostra de Jumping Clay.

14. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

14.1. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO CONCELLO

Realizáronse case todas as solicitadas desde o centro, agás a reparación das pistas deportivas exteriores situadas ao carón do paseo marítimo.

Segue a estar pendente de completar a reparación e a eliminación das aristas e das fendas no material vitrificado do edificio de educación primaria por ter causados numerosos incidentes entre os usuarios do centro en cursos anteriores.

Tamén están pendentes as rehabilitacións dos aseos do alumnado do 2º e 3º andares e patio cuberto de primaria (comprometidos en cursos anteriores por outras corporacións municipais).

14.2. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O. U.

Relación de equipamento e mobiliario recibido:

Artigo	Unidades
Estantería aberta casilleiro	3
Globo terráqueo	1
Puzzles	1
Mesa de profesor con sillón M-14	2
Encerado branco	2
Juego de valos infantiles	1

Quedan pendentes de solucionar as seguintes necesidades:

ZONA EXTERIOR ANTIGO EDIFICIO EDUCACIÓN INFANTIL

- Reposición do teped na zona de xogos._

ZONA DE XOGOS DO AULARIO INFANTIL

- Substitución do actual pavimento anticaidas por outro que non ensucie a roupa e o calzado do alumnado.

PAREDES DE AULAS E CORREDORES DO AULARIO INFANTIL

- * Arranxar as fendas nas paredes e corredores e pintar con material plástico ata o teito.

EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Reforma de servizos de profesorado e alumnado no 2º e 3º andar.
- Insonorización da aula de música e de A.L.
- Portas de saída con sistemas de apertura antipánico.
- Eliminación das fendas existentes en diversas dependencias do edificio de primaria.

PISTAS POLIDEPORTIVAS EXTERIORES

- Acondicionamento do pavimento.

Necesidades de equipamento:

- Renovación dos ordenadores obsoletos.

14.3.- ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO PROPIO CENTRO.

Rehabilitación do antigo comedor escolar, sito no 2º andar de EP, transformándoo no BiblioLab.

15.- MEMORIA PROGRAMA EDUCACIÓN RESPONSABLE – ANO 2

Durante o curso 2018-2019 continuamos no CEIP Emilia Pardo Bazán co Proxecto de Formación comezado o pasado curso e que, no presente, contou con catro liñas de traballo: Biblioteca, Robótica, Patios Dinámicos e Educación Responsable.

Coa posta en marcha do Programa da Fundación Botín “**Educación Responsable**” tratamos de favorecer o desenvolvemento emocional, social e da creatividade, promover a comunicación e mellorar a convivencia no noso centro a partir do traballo con docentes, alumnado e familias.

Este ano, participaron no seminario e no curso asociados a este programa un total de 28 profesores. Todos eles asistiron á formación impartida pola psicóloga Teresa Molezún, que este segundo ano centrouse no Desenvolvemento Social.

A maiores, fóronse facendo diferentes reunións de traballo ao longo do curso para analizar o contido das guías de actividades propostas pola Fundación Botín e valorar a súa implementación co alumnado.

Ditas propostas están divididas en varios **RECURSOS**. De todos os plantexados, o que máis éxito tivo para a implementación cos alumnos foi, sen dúbida, o de **BANCO DE FERRAMENTAS**. Estas son algunhas das actividades que se levaron a cabo:

Os nenos e nenas de 5ºB de E. Infantil, traballaron sobre os superheroes. Ademais da actividade “**Podemos ser Superheroes**”, descubriron que eses tan famosos e que todos coñecemos, só viven nos cómics, no cine e nas series de televisión. Pero tamén que todos nós podemos ser superheroes porque todos temos algo que nos fai especiais.

Así, deixaron constancia de que todas as mestras de Infantil teñen superpoderes, facendo o libro “*As princesas máis valentes do cole de Infantil*”




<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardobazancoruna/?q=node/888>

Como tamén traballaron sobre os seus superpoderes, quixeron compartilo cos “Amigos Maiores” que teñen no cole (alumnado de 6º de primaria) e que eles lles dixeran os seus. E fixeron outro libriño para compartilo con todos e todas.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardobazancoruna/?q=node/897>



E para rematar, comentaron cos seus compañeiros e compañeiras cales eran os superpoderes das súas familias.



O alumnado de 4º de Infantil traballou esta actividade de **¡Podemos ser superheroes!**: escollérona debido a que permite traballar a autoestima cos máis pequenos; os rapaces foron conscientes de que os superheroes non só están presentes nos medios de comunicación de masas ou na literatura infantil, senón que pola contra, os podemos atopar na nosa vida cotiá, e mesmo nós coas nosas cualidades podemos ser superheroes. Traballaron á identificación das propias virtudes e dos demais.

Neste grupo implementáronse outras dúas actividades:

¡Que viene el lobo!, que xurdiu debido a que na idade de 3 anos os medos están moi presentes; falaron de personaxes de contos que lles daban medo e dos medos que poden xurdir na nosa vida cotiá así como posibles solucións para facerlles fronte.

Vamos a contar mentiras foi de grande utilidade xa que neste tramo de idade os rapaces comezan a explorar as mentiras sen outorgarlle a importancia suficiente. Traballáronse as consecuencias que se derivan de empregar as mentiras ao longo da nosa vida dende un enfoque lúdico.

Tamén en Educación Infantil, varias profesoras de apoio fixeron diferentes actividades deste recurso:

Os de 3 anos traballaron o desenvolvemento afectivo centrándose na empatía, a través de **“Duerme papá, duerme mamá”**; o desenvolvemento cognitivo centrándose no autocontrol, mediante **“Hansel y Gretel”** e o desenvolvemento social, facendo fincapé nas habilidades de autoafirmación, a través de **“Los tres cerditos y el lobo feroz”**

Os de 5 anos desenvolveron máis a empatía con dúas actividades:

- **“La fábrica de besos”**, na que empregando o conto facilitado como estímulo, os pequenos buscaron a maneira de remediar a tristeza dos demais, construíndo unha imaxinaria fábrica de bicos, xa que, a miúdo, o único modo para axudar nestas idades é mostrar afecto de forma física.

- **“Los muñecos mágicos”**: coa que traballaron tamén a análise e achegamento aos sentimentos dos demais, centrándose nesta ocasión en buscar maneiras de aliviar a soidade dun neno.

Os grupos de 1º de primaria levaron a cabo dúas actividades.

- **“Medio Pollo”**: na primeira fase o alumnado escoitou o conto con moitísima atención e logo responderon as preguntas do titor. Na segunda fase, entre todos, chegaron a diferentes conclusións:

- que é estupendo ter amigos e persoas nas que confiar; do necesario que resulta que, en ocasións, nos axuden, como fan os nosos familiares, profesores, amigos, outras persoas maiores, etc; todas estas persoas son moi importantes ata que somos adultos e, aínda sendo adultos, podemos precisar axuda en ocasións.

- que é moi importante esforzarnos para cumprir co noso deber aínda que, ás veces, non nos apeteza. Reflexionaron sobre as consecuencias negativas que podemos ter: chegar tarde ao colexio pode ter moitas consecuencias: nos aprendes coma os demais, a profe poder reñirte, atrasarás o teu traballo, perderás explicacións, terás máis deberes, non saberás contestar, etc

Tamén traballaron o “xogo dos oficios”, escribindo cada un o que desexaba ser de maior.

- **“Cuidado”**: aprenderon a canción “Estaba el señor Don Gato” e sacaron a conclusión de que o gato caeu do tellado por estar despistado. Comentaron os seus despistes e as consecuencias dos mesmos. Noutras sesións xogaron a “Ratón que te pilla el gato”. Con todas as dinámicas, fixéronse conscientes da necesidade de autocontrolarse, de non despistarse e de non ser demasiado impulsivos, para evitar consecuencias que non nos agraden.

Tamén traballou con actividades do Banco de Ferramentas un profesor especialista que implementou dúas actividades nun grupo de 4º de primaria na sesión alternativa á relixión. Estas actividades foron:

- **“Una única raza”**: no que traballaron a auto-imaxe e cómo esta se forma a partir da visión que os demais teñen dun mesmo. A manifestación das propias cualidades e das dos demais repercute positivamente na autoafirmación do alumnado e en manter un aceptable nivel de autoestima.

- **“Sé uno menos”**: é importante que os nenos adquiran recursos para opoñerse asertivamente ás demandas e propostas antisociais de outros. A comprensión de que as accións inadecuadas de certas persoas, aínda que sexan moi numerosas ou procedan do

grupo de amigos, non obriga ao individuo a sumarse ás mesmas, é fundamental nestas idades. Traballáronse respostas de oposición asertiva para reforzar estas habilidades.

E no grupo de 6º A, traballaron coas habilidades de autoafirmación, a toma de decisións, as habilidades de interacción e, sobre todo, traballaron a empatía, empregando as seguintes actividades:

“Gay”, na que un chico conta aos seus pais que é homosexual.

“Planta 4ª”, na que se mostra o peso da amizade na adolescencia e máis en situacións delicadas como a enfermidade.

“Cuidate mucho”, na que pónese de manifesto a importancia da identificación e expresión emocional.


“Para ti no estoy”, para traballar as habilidades de oposición.

“No eres buena, eres mejor”, para valorar y aceptar que existen moitas formas de facer as cousas e moitas poden ser válidas, aínda que non coincidan coa nosa.

O traballo co **RECURSO DE LITERATURA** en Educación Infantil deu continuidade ao xa comezado o curso pasado, traballando con materiais xa elaborados.

Nun dos grupos de 2º de primaria levaron a cabo distintas actividades empregando o “*Palco da musica*”, lugar imaxinario onde os alumnos atópanse moi cómodos. Todos os luns puxeron en marcha a maquinaria dos contos e traballaron habilidades sociais como falar en público, escoita activa, empatía, respecto, emocións e sentimentos.

As ferramentas empregadas foron éstas fundamentalmente:




Ao traballar dun xeito tan natural as habilidades sociais, as emocións e o sentimentos, propiciou a creación de lazos afectivos importantes, que foron conducindo a iniciativas moi enriquecedoras por parte do alumnado, como o caso de dúas irmáns que, a pesar de estar en aulas diferentes, quixeron representar un teatriño inventado por elas, reflexando moi boas habilidades sociais e unha grande autoestima.



Nesta aula foron invitadas algunhas familias do alumnado, para dar sentido á importancia que ten a familia na aprendizaxe de habilidades sociais



Por poñer outro exemplo do que traballou esta clase de 2º de primaria, do traballo cun calendario de Advento, cada día un alumno/a lía en voz alta un texto relativo a un dos valores propostos. Isto deu lugar a elaboración de postais para regalar a través do xogo do “amigo invisible”.



O de **RECURSO DO CORO DAS EMOCIÓN**s preparouse con alumnado de 4 anos, de 2º e de 5º de primaria, tentando traballar con eles habilidades sociais e desenvolvemento emocional a partir da música e o traballo conxunto que conleva cantar nun coro. Aínda está por realizar o Concerto Final, que terá lugar o día 18 de xuño, para o que temos a referencia da boa experiencia do mesmo o curso pasado.

E no caso do recurso de **REFLEJARTE**, é a expresión artística a ferramenta para o traballo coas emocións. Este curso, a actividade proposta estaba inspirada na obra de Cristina Iglesias, concretamente na exposición da Fundación Botín *Entreespacios*. Esta artista constrúe lugares inolvidables a través de materiais que evocan sensacións.

O alumnado de 5ºB de primaria levou a cabo esta actividade. Nunha primeira etapa faláron dos espazos significativos para eles con implicación das súas familias. Nunha segunda etapa, recopilaron evidencias deses lugares mediante plastilina, presionando aqueles elementos que puideran definir os seus lugares escollidos.



Deron continuidade á actividade nunha terceira fase, na que explicaron ós demais por qué escolleron eses lugares e as sensacións que os convirten en especiais.

Nunha última fase, na que trataron de crear conxuntamente un espazo, escultura, recinto....que resultara evocador e no que todos sumaron o seu talento creativo e sentimental



para facelo único e especial.

O grupo de 4ºC de primaria tamén traballou este recurso, organizando o seu traballo en diferentes etapas.

- Nunha primeira etapa, o obxectivo foi estimular a curiosidade, a observación consciente e a toma de decisións nunha actividade que involucrara directamente á familia e motivara ao alumnado para desenvolver o recurso.

O primeiro que fixeron foi creacións libres con plastelina.





Despois traballaron sobre a frase de “El Principito”: “Solo con el corazón se puede ver bien, lo esencial es invisible a los ojos”, e tiveron que plasmar na mesma plastilina todo o que lles fixera sentir a frase.



Traballaron tamén a imaxinación convertendo un obxecto de todos os días, as súas cadeiras, en obxectos diferentes; primeiro de forma individual, despois en parellas e en grupos. Así, conseguiron crear estancias, espazos divertidos (como eles os chamaron), onde compartir vivencias ou ratos agradables.







- Na segunda etapa se lles plantexou traer unha textura, nun anaco de plastilina, dun lugar no que se sentiran seguros e a gusto con amigos ou familia.



Tras esta actividade presentóuselles á obra de Cristina Iglesias, o que lles levou á seguinte actividades: realizar unha forma xeométrica oca e xuntar logo todas para facer unha escultura/paredo en 5 minutos.



Despóis, con escarvantes, depresores, cortizas, tapóns e outros materiais, fixeron pequenas obras de texturas en plastilina previamente alisada cun rodete.



Tócalle o turno o resultado final, que aínda queda por facer: buscar un lugar na escola en desuso, onde realizar unha estancia propia.

En xeral, as conclusións do profesorado que traballou este segundo ano co Programa de Educación Responsable, van todas na mesma liña: tratar habilidades sociais, emocións e

sentimentos de unha forma tan natural favorece un entorno óptimo, formándose lazos afectivos importantes.

Ademais, levar a cabo as actividades require dinámicas activas e participativas, e o análise de bos e malos modelos de comportamento social.

Dámonos conta de que non son só os alumnos os que traballan estas habilidades, si non que tamén os profesores aprendimos moito coas actividades e no curso de formación no colexio, polo que podemos chegar a ser así mellores modelos para o alumnado.

Por todo isto, pensamos continuar co Programa o ano que ven, buscando unha continuidade na liña de traballo e, seguramente, cada vez mellores resultados.

16.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO. (ANEXO I)

17.- BIBLIOTECA ESCOLAR (ANEXO II)

18.- PATIOS DINÁMICOS (ANEXO III)

19.- HORTO ESCOLAR (ANEXO IV)

CEIP EMILIA PARDO BAZAN

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
3º PR	INGLES	GREAT EXPLORERS 3 ACTIVITY BOOK. OXFORD	978019450741 7	I
		SO TERÁN QUE MERCAR O ACTIVITY BOOK DE INGLES		
4º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 4.VICENS VIVES. (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNÑOS)	978846822881 5	C
4º PR	CIENCIAS SOCIAIS	SOCIAIS 4. VICENS VIVES	978846822898 3	G
4º PR	CIENCIAS NATURAIS	NATURAIS 4. VICENS VIVES	978846822843 3	G
4º PR	CASTELLANO	LENGUA 4. VICENS VIVES. (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNÑOS)	978846822835 8	C
4º PR	GALEGO	LINGUA 4. VICENS VIVES (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNÑOS)	978846822867 9	G
4º PR	INGLES	GREAT EXPLORERS 4 CLASS BOOK . OXFORD (1)	978019450768 4	I
4ºPR	INGLES	GREAT EXPLORERS 4 ACTIVITY BOOK. OXFORD	978019450760 8	I
4º PR	VALORES	VALORES 4. VICENS VIVES.	978846822932 4	C

(1) Quen teña o libro antigo de Inglés , o CLASS BOOK Explores 4, **non ten que mercar** o libro novo Great Explores 4 Class Book


CEIP. EMILIA PARDO BAZAN

EDUCACION INFANTIL				
3 ANOS	RELIXION	HOLA JESÚS, aprende y sonríe. EDITORIAL S.M.	9788467587265	C
4 ANOS	RELIXION (1)	HOLA JESUS .aprende y sonrie EDITORIAL S.M.	9788467587272	C
4 ANOS	PROXECTO (1)	LA COCINERA Y EL COCINERO 3.0. EDITORIAL SANTILLANA	9788468049014	C
4 ANOS	MATEMÁTICAS (1)	TALLER MATEMÁTICAS MANIPULATIVAS. ED. SANTILLANA	9788468027814	C
4 ANOS	LECTO-ESCRITURA (1)	LETRILANDIA CUADERNO 1. ED. EDELVIVES	9788426371393	C
4 ANOS	LECTO-ESCRITURA (1)	LETRILANDIA CUADERNO 2. ED. EDELVIVES	9788426371409	C
5 ANOS	MATEMATICAS	MATEMÁTICAS 3. EDITORIAL ANAYA	9788467815900	C
5 ANOS	LECTO-ESCRITURA	EL PAIS DE LAS LETRAS NÚMERO 2. EDITORIAL EDELVIVES	9788426371409	C
5 ANOS	LECTO-ESCRITURA (2)	EL PAIS DE LAS LETRAS NÚMERO 3. EDITORIAL EDELVIVES	9788426371416	C

- (1) TODOS OS LIBROS DE 4 ANOS, SON SÓ PARA OS GRUPOS A e B AGÁS O DE RELIXIÓN CATÓLICA QUE É PARA TODOS OS GRUPOS. OS ALUMNOS DO GRUPO C TERÁN QUE ESPERAR AO MES DE SETEMBRO
- (2) O LIBRO DE LECTO-ESCRITURA 3 É SÓ PARA OS GRUPOS A e B (EUGENIA E AURORA)


A Coruña, 20 de Xuño de 2018.

A Directora en funcións



Asdo.: M.ª Concepción García Diéguez

MEMORIA PEDAGÓGICA



CURSO 2018/2019
CEIP EMILIA PARDO BAZÁN (A CORUÑA)

ÍNDICE

1. Grao de cumprimento dos obxectivos propostos no programa inicial	2
1.1. Organización e xestión	2
1.2. Dinamización e promoción dos recursos	3
1.3. Formación de usuarios/as	4
1.4. Fomento da lectura	4
1.5. Outras actuacións	5
2. Actividades desenvolvidas	5
2.1. Xestión técnica	5
2.2. Fomento da lectura	7
Actividades de carácter continuo	7
Actividades de carácter puntual	9
2.3. Educación para a competencia en información	11
2.4. Outras	11
3. Avaliación	13
3.1. Indicadores	13
3.2. Enquisas	16
PROFESORADO	17
FAMILIAS	19
ALUMNADO	22

1. Grao de cumprimento dos obxectivos propostos no programa inicial

1.1. Organización e xestión

O equipo de apoio está composto por 11 mestras/es, que é unha representación do claustro con profesorado das dúas Etapas (infantil e primaria), dos distintos ciclos e especialidades, e está formado na súa maioría por docentes con destino definitivo no centro. Os membros do equipo tiveron un total de 16 sesións de dedicación á dinamización da biblioteca no seu horario semanal.

A colección xestionase a través do programa MEIGA e utilízao o profesorado do equipo para realizar os labores de préstamo e devolucións, así como o resto do claustro cando realizan as gardas de tarde de martes a venres en horario extraescolar. No equipo hai un grupo que se ocupa de realizar a catalogación dos novos fondos, dar de baixa aqueles que son expurgados, xestionar os carnés de alumnado e profesorado e extraer as estatísticas do programa.

A biblioteca do CEIP Emilia Pardo Bazán ten dúas salas, unha situada na planta baixa e outra no segundo andar, esta última de nova incorporación durante o curso, por este motivo, no mes de setembro e outubro realizouse unha recolocación dos fondos, trasladando as obras de carácter informativo ao segundo andar. Ao mesmo tempo realizamos unha expurgación daqueles fondos que non cumprían cos criterios establecidos polo equipo nas reunións de principio de curso, estando previsto volver a realizala no mes de xuño, logo do peche da biblioteca.

A sala do segundo andar, BiblioLab, trátase dun centro de recursos para a aprendizaxe na que teñen cabida os fondos de carácter informativo do centro, recursos de robótica, experimentación, creatividade e construción, artística e investigación, quedando na sala da planta baixa toda a literatura, publicacións periódicas e audiovisuais.

Procedeuse á establecer a catalogación dos fondos con dous números, ata o momento moitos deles tiñan tres, seguindo os criterios establecidos pola CDU. Tamén optamos por establecer cinco niveis de lectores (Prelectores, Primeiros lectores, lectores autónomos, lectores expertos e adultos).

Comezáronse a catalogar as obras que forman parte das bibliotecas de aula, xa que a maioría delas non estaban rexistradas no programa MEIGA, esta tarefa aínda está en proceso e probablemente non se remate ata o primeiro trimestre do próximo curso. Logo

deste proceso no que coñeceremos a situación real de cada biblioteca de aula trataremos de manter actualizadas e adaptadas ás idades dos nenos/as de cada unha destas.

As novas adquisicións que se realizaron tiveron en conta os criterios establecidos polo equipo nas primeiras reunións do curso e trataron de incrementar as obras en lingua galega e os libros de carácter informativo, dentro destes últimos prestamos especial atención aos libros relacionados coa ciencia e co arte. Destacar tamén a inversión que se realizou en recursos que favorecesen a inclusión tanto para ao alumnado como para familias e profesorado.

Realizamos subscricións a publicacións periódicas como Caracola, Reportero DOC, O Papagaio, Principia Kids e I Love English.

Cumprindo cun dos requisitos da convocatoria do PLAMBE constituímos a comisión de biblioteca dentro do Consello escolar, da que se celebrou unha reunión, estando prevista outra para o mes de xuño. Nela están representados profesorado, equipo directivo, familias, ANPA, concello de A Coruña, B.M. de Los Rosales, cursando invitación, que foi aceptada, ao IES Salvador de Madariaga, que é o de referencia para os nenos/as que rematan 6º de Educación Primaria.

1.2. Dinamización e promoción dos recursos

Creouse o blog Biblioteca EPB, a través do que se foron difundindo a maioría das actividades que se foron programando e realizando na biblioteca. Tamén atópanse enlazados o catálogo de fondos, ademais da Guía de usuario/a e a presentación que utilizamos para realizar a formación tanto de alumnado, como de profesorado.

Realizáronse exposicións periódicas coas que tratamos de poñer de relevo fondos da colección que consideramos tiñan que ser coñecidos pola comunidade educativa. Co mesmo obxectivo no segundo trimestre elaboramos unha caixa de recomendacións (Tédelos que coñecer!), comezamos cun grupo de cada nivel e fomos estendéndoo ao resto dos grupos no último trimestre, ademais seguimos contribuindo ao desenvolvemento do Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida (Hora de ler).

Programáronse distintas visitas de autores/as e tamén comezamos con “Vós contades!”, no que as familias acudiron ao centro, ben como expertos nun determinado tema para explicalo ao alumnado, ben como narradores/as de historias.

Realizáronse obradoiros nos que os nenos/as crearon historias, que quedaron recollidas como libros na biblioteca.

1.3. Formación de usuarios/as

Puxemos en marcha o programa de Axudantes voluntarios da biblioteca que contou cun total de 106 nenos/as de 5º e 6º de E.P. Programáronse no primeiro trimestre sesións de formación para este alumnado. O programa está en reelaboración, xa que os obxectivos que tiñamos con estes grupos non se acadaron e para próximos cursos debemos introducir variacións coas que comezaremos no mes de xuño.

No mes de outubro realizáronse tamén as sesións de formación de usuario/a para o profesorado. Debido ao número de mestres/as do claustro programáronse varias sesións. Elaborouse unha guía de usuario/a, que aínda é provisional, debido a que aínda estamos nun período susceptible de modificacións neste programa bianual, por este motivo a distribuímos entre a comunidade educativa en formato dixital, quedando copias impresas na biblioteca para a súa consulta.

Todos os grupos de primaria asistiron a sesións de formación nas dúas salas, ademais está previsto que no mes de xuño asistan os grupos de Educación Infantil.

1.4.Fomento da lectura

Seguindo o Plan Anual de Lectura (PAL) programáronse diversas iniciativas para o fomento da lectura, como foi o programa Tédelos que coñecer!, no que se trasladaban ás aulas fondos da biblioteca que o equipo consideraba que debían difundirse entre o alumnado.

En 6º de E.I. os venres foron ás casas do alumnado un libro para a lectura en familia, e un neno/a de cada aula levaba un escornabot xunto con taboleiros de xogo para que compartisen o seu uso en familia. En 5º de E.P. cada grupo tiña dúas mochilas con fondos diversos.

Realizáronse exposicións de diversas temáticas na entrada da biblioteca.

Recibimos a visita de distintos autores/as ao longo do curso, que compartiron opinións sobre as súas obras, tamén houbo contacontos de familias e editoriais que quixeron compartir lecturas.

No mes de decembro e xuño distribúense entre a comunidade guías de lectura con recomendacións de obras para as distintas idades, xéneros e idioma.

Desenvolvéronse en horario extraescolar iniciativas mensuais como os Diálogos filosóficos para primaria e Book Club (club de lectura en inglés) para o alumnado de 6º de E.P.

1.5. Outras actuacións

Iniciouse a preparación e adecuación da BiblioLab (sala da biblioteca) para que puidese servir como espazo de aprendizaxe, mercando e adecuando o espazo ao longo do curso. Actividades de conmemoración da Semana da muller e Semana dos Medios de comunicación con diversas charlas divulgativas por parte das familias e por parte de expertos cos que se contactou.

2. Actividades desenvolvidas

2.1. Xestión técnica

O equipo de Biblioteca está composto por un total de 11 mestres/as, todos con destino definitivo no centro, agás un. O equipo é unha representación do claustro, estando presentes membros das diferentes etapas, ciclos, especialidades e equipo directivo. Está programada unha reunión mensual de coordinación. Os aspectos máis relevantes foron comunicados na CCP, na que está presente o responsable do equipo, e nos claustros.

Realizáronse as tarefas técnico-organizativas para o mantemento da colección, xa que realizamos unha recatalogación dos fondos de ficción, situados na sala da planta baixa, e trasladamos todos os fondos de información á sala do segundo andar, aspecto que aproveitamos para revisar e actualizar a catalogación destes. Seguimos a CDU para o rexistro da colección, para rexistrar e ter control do seu uso utilizamos o programa MEIGA, tendo un ordenador en cada sala preparado para realizar o préstamo dos fondos, tal e como se fai nesta biblioteca desde hai máis de dez anos.

Debido a que se duplicaron as salas realizouse tamén unha reorganización do espazo, así como da ambientación da sala da planta baixa. Na sala do segundo andar fixéronse pequenas obras para que tivese un uso durante este curso, pero estamos preparando novas actuacións que nos permitan cambiar o chan e poder ambientar a sala para darlle un aspecto máis acolledor e que permita programar máis actividades.

Estase en proceso de actualización do listado de materias, tratando de reducir e axeitalas ao uso que se lle vai dar por parte da comunidade educativa, co obxectivo de que a súa consulta a través dos ordenadores sexa áxil e útil.

Continuouse cos labores de empréstimo nos recreos para o alumnado e para os mestres/as durante o horario lectivo, así como no horario extraescolar de 16-18h. de martes a venres, colaborando todo o claustro neste labor.

Actualizáronse os fondos da biblioteca, primeiro realizando un gran expurgo durante os meses de setembro e outubro, para o que se estableceron nas primeiras reunións do equipo os criterios que guiaron e guiarán este proceso. Xunto con esta tarefa tamén se ditaron os criterios de adquisición para manter actualizada a colección, tendo no horizonte que se aumentasen os fondos en lingua galega e os de carácter informativo. Durante este curso tamén démoslle prioridade á compra de obras de poesía en galego e castelán.

O alumnado decorou e personalizou uns marcapáxinas e sinalizadores que se distribuíron desde o equipo de biblioteca. Sinalizadores de diferentes cores quedaron na biblioteca para o seu uso.

Na sala BiblioLab preparáronse os diferentes espazos de lectura, investigación, robótica, creatividade, arte, experimentación e cociña, adquirindo recursos para estes espazos e que posibilitasen a súa utilización, quedando para o próximo curso a súa disposición definitiva.

O equipo de biblioteca formou ao alumnado de 5º e 6º de E.P. interesado en formar parte do equipo de voluntarios da biblioteca, realizáronse varias sesións no mes de outubro e logo unha reunión ao final do primeiro trimestre de seguimento e avaliación. No segundo trimestre decidiuse parar o programa para reformulalo e retomalo con maior éxito o próximo curso, para o que se programarán novas sesións de formación no mes de xuño.

Todas as aulas e os mestres/as recibiron unha sesión de formación por parte do equipo de biblioteca en ambas salas para que coñecesen o seu funcionamento e organización, para que houbera un uso satisfactorio.

Adquiríronse fondos bibliográficos, subscribímonos a distintas publicacións periódicas (Caracola, Reportero DOC, Principia Kids, I love English e O Papagaio), xogos educativos, dispositivos electrónicos, recursos de robótica, recursos de experimentación e investigación, materiais artísticos e de estimulación sensorial, entre outros.

2.2. Fomento da lectura

Actividades de carácter continuo

LECTURA SILENCIOSA SOSTIDA (Hora de ler)

Continuouse con este proxecto de fomento da lectura que consiste na lectura libre durante 20' a continuación do recreo. A maioría dos cursos utilizan as aulas e as súas bibliotecas para desenvolver este programa, pero algunhas acoden neste tempo a algunha das dúas salas da biblioteca. Este programa desenvólvese no centro desde o ano 2004.

MOCHILAS VIAXEIRAS

Debido ao gran número de aulas do centro decidiuse comezar co curso de 5º de E.P. para desenvolver este programa. Tras decidir o curso resolvemos que cada grupo tería dúas mochilas para que todo o alumnado tivese a oportunidade de gozar das obras que contiña polo menos durante dúas semanas, para o cal fixemos un calendario que logo xestionou o titor/a de cada unha das aulas. O equipo de biblioteca seleccionou os fondos que contiña cada unha das mochilas, deste xeito tiñan obras de poesía, narrativa, música, cómic e unha revista, ademais do caderno viaxeiro, onde as familias puideron reflectir as súas opinións libremente.

En 6º de E.I. realizouse a iniciativa das titoras unha mochila cunha obra da súa biblioteca de aula durante os fins de semana. O equipo de biblioteca colaborou incluíndo un escornabot, xunto con distintos tipos de taboleiro como engadido a estas mochilas e que levaba un neno/a de cada grupo acompañando á bolsa habitual.



TÉDELOS QUE COÑECER!

Despois do expurgo e recatalogación, a partir do segundo trimestre, levamos a aquelas aulas que o quixeron obras recomendadas pola biblioteca, un total de unha por alumno/a e de carácter diverso, xa que había libros de ficción (narrativa, poesía, cómic) e información en distintos idiomas, ademais de revistas. Estas caixas estiveron durante o segundo trimestre formando parte da súa biblioteca de aula, para ao finalizar este período intercambialos entre os grupos do mesmo nivel. A selección fíxose en función das idades dos nenos/as, novidades, obras que non eran moi emprastadas, pero con moita calidade, entre outras.

CLUB DE LECTURA

Por iniciativa dunha mestra especialista de lingua estranxeira organizáronse dous grupos (un de 15 e outro de 16) de nenos/as de 6º de E.P. que leron diversas obras en inglés cada mes desde novembro. A actividade programada desde o equipo de biblioteca estivo xestionada e guiada pola mestra especialista en horario extraescolar de 16-18h. os últimos venres de cada mes, estando un mestre do equipo como apoio á actividade.

As obras foron adquiridas con fondos do equipo de biblioteca.



DIÁLOGOS FILOSÓFICOS

Desenvolvéronse desde o mes de outubro uns obradoiros que promoveron o pensamento e o diálogo a través dos contos, do arte e as imaxes. A actividade tivo lugar en horario extraescolar de 16 a 17h. na biblioteca e dirixiuse a todos os cursos de Educación Primaria. As sesións tiñan un número máximo de 15 nenos/as, aínda que nalgunha delas este número foi superior, en total houbo 117 prazas ocupadas na I edición de Diálogos filosóficos. Os diálogos foron dirixidos por unha mestra de Educación Infantil formada e tras o plan de formación no centro acompañou nesta labor un mestre do equipo de biblioteca.



VÓS CONTADES!

Este programa de lecturas compartidas consistiu en invitar ás familias para que fosen partícipes das actividades que se realizan no centro, por este motivo quixemos abrir as portas da biblioteca para que houbo un intercambio de experiencias, ben desde a perspectiva da narración, ben desde o eido divulgativo. Participaron un total de 7 familias do centro, algunha repetiu en distintas actividades ao longo do curso.



Actividades de carácter puntual

VISITAS DE AUTORES/AS

Durante o curso recibimos a visita ao centro de distintos autores/as que compartiron opinións sobre a súa obra co alumnado, establecéndose un diálogo con eles/as. A editorial Anaya posibilitou que acudisen Ana Alcolea, Pedro Mañas, Elvira Menéndez, Manuel Rivas ou Héctor Cajaraville foron algúns dos autores/as que participaron nesta actividade de promoción da lectura.



CONMEMORACIÓN E EFEMÉRIDES

Conmemoramos o Día de Rosalía en colaboración co EDLG creando un vídeo con versos de Rosalía de Castro co alumnado de diversos cursos de Educación Primaria, tamén recibimos a visita de Rosa Cedrón para un pequeno concerto.



Fixemos actividades de conmemoración no Día da poesía, no que recibimos á poeta Mar Benegas que tivo un encontro co alumnado de 2º de E.P. e un grupo de 6º de E.I. Nesta xornada xogaron coas palabras e recitaron versos.



Con motivo do Día do libro realizamos diversas actuacións, como foi repartir marcapáxinas entre o alumnado que visitou a biblioteca para levar un libro emprestado, previamente desde o Equipo de Biblioteca preparouse un debuxo que foi completado con follas de cores que contiñan recomendacións de libros que fixeron nenos/as de E.P. e E.I.



EXPOSICIÓNS

Na entrada da biblioteca montáronse exposicións temporais de libros relacionados coa temática que estivésemos conmemorando nese período, así tivemos no mes de novembro libros relacionados coa **ciencia**, no mes de decembro co **nadal**, no mes de xaneiro obras que tivesen relación co día da **paz**, en febreiro seleccionamos aqueles libros vinculados a **Rosalía de Castro**, nesta ocasión contamos con fondos facilitados pola B.M. de Los Rosales, en marzo adicamos o espazo de exposición da biblioteca e o da entrada ao centro para expoñer obras relacionadas co papel da **muller** na sociedade, a ambientación deste último espazo realizouna o EACE e tamén contamos con fondos emprestados polo CFR de A Coruña; seguimos no mes de marzo coa exposición de libros de **poesía** e biografías de poetas. En abril e maio mostramos en “**Os libros que gozamos**”, aqueles fondos da biblioteca que marcaron a vida dos mestres/as.



GUÍAS DE LECTURA

Elaboráronse dúas guías de lectura, unha no mes de decembro e outra no mes de xuño. As guías contiñan libros en galego e castelán, de ficción e de información para todos os tipos de lectores. Imprimíronse e distribuíronse entre todo o alumnado, tamén foron difundidas a través do blog e web do centro, ademais de compartila coa B.M. de Los Rosales.

CONTACONTOS ORGANISMOS EXTERNOS

Recibimos a visita de Sara e Álex, en colaboración coa editorial Kalandraka, na que os nenos/as de 1º de E.P. gozaron cos contos e a música. Tamén visitounos Iago que, a través das obras Felizferoz e O lobo con botas, promoveu a lectura entre o alumnado de 1º e 2º de E.P., en colaboración coa editorial Anaya.



2.3. Educación para a competencia en información

As actividades que se organizaron en canto ao desenvolvemento da competencia en información foron as seguintes:

SEMANA DA MULLER

Celebramos o Día da Muller nunha semana na que montamos as exposicións de libros e na que convidamos a mulleres das familias que forman parte da nosa comunidade educativa para que nos falasen das súas profesións, para que nos contasen as súas experiencias ou para que mostrasen ao alumnado algúns dos micromachismos presentes na vida cotiá.



SEMANA DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Quixemos poñer de relevo o papel dos medios de comunicación para obter información fiable e contrastada, medios que nos permitisen diferenciar as noticias falsas, do mesmo xeito tamén quixemos achegar o mundo da publicidade e a súa presenza nos medios como forma de desenvolver o pensamento crítico, por último quixemos ter o punto de vista do humorista gráfico e o desenvolvemento do seu labor na prensa escrita.



2.4. Outras

No mes de novembro acudiron membros de AFEXDI para realizar xunto co alumnado de 6º de E.P. un obradoiro de encadernación de libros.



Con motivo do mes da ciencia en galego os venres dese mes desenvolvemos na biblioLab os Venrexperimentos, nos que achegámonos a distintas experiencias científicas, como foron montar escornabots, experimentar coa electricidade ou fabricar slime.



En decembro a biblioteca acolleu un torneo de xadrez organizado polo mestre de Educación musical e coa colaboración da Asociación Galega de Xadrecistas.


Realizáronse vídeos para conmemorar distintos eventos e para promover os xogos da biblioteca e biblioLab.

O alumnado de 6º de E.P. do CEIP Plurilingüe San Marcos (Abegondo) visitou a biblioLab, como unha actividade máis da xornada de convivencia que tiveron no centro.

Realizáronse na biblioteca e biblioLab actividades de fomento da escritura e a inclusión mediante a creación de contos narrados polo alumnado e con pictogramas. As historias están a disposición de todo o alumnado en ambos espazos.



Creouse un recuncho de creación de historias con imaxes nas que poden ir elaborando contos e poñéndolles a voz.



O equipo de biblioteca coordinou cos Museos Científicos de A Coruña a organización duns obradoiros de e-téxtiles no mes de febreiro na Domus para os tres grupos de 5º de E.P. As sesións estiveron guiadas polo equipo de profesionais dos Museos científicos. A través desta actividade desenvolveuse o traballo en equipo e contidos relacionados coa electricidade.



No mes de xuño entregáronse os premios dos Leóns Dourados, que reciben os alumnos/as que levaron prestados máis fondos da biblioteca ao longo do curso.

3. Avaliación

No plan de traballo da biblioteca sinalamos uns obxectivos que nos guiaron e que acompañamos cunha serie de indicadores de éxito. En cor verde resaltamos os acadados, en cor laranxa aqueles que aínda están en proceso e en cor vermella os que non foron acadados.

Os instrumentos que se utilizaron para comprobar o grao de cumprimento foron as estatísticas do programa MEIGA, as suxestións recibidas, as enquisas a alumnado, profesorado e familias

3.1. Indicadores

1. Formar dun xeito básico aos usuarios/as: coñecer a biblioteca e os seus recursos.
 - 1.1. Calendario de visitas e sesións de formación das aulas.
 - 1.2. Calendario de formación de todo o profesorado.
 - 1.3. Elaboración de guía da biblioteca.
 - 1.4. Entrega a todo o alumnado e profesorado da Guía.
 - 1.5. Realización de recursos (xogos, presentacións...) para a formación dos usuarios.
 - 1.6. Realización de actividades (concursos, xogos...) para o coñecemento dos documentos, procura de fondos...
2. Apoiar programas do centro e proxectos de aula e áreas.
 - 2.1. Recompilación e exposición de recursos relacionados cos centros de interese das aulas e dos proxectos nos que está inmerso o centro.
 - 2.2. Elaboración e organización dun catálogo de recursos dixitais útiles para currículo.
 - 2.3. Asesoramento aos docentes sobre os recursos dispoñibles na B.E.
 - 2.4. Reunións periódicas cos distintos ciclos para recoller as necesidades detectadas.
3. Favorecer e promover actuacións de inclusión e de atención á diversidade.
 - 3.1. Adquisición de materiais e recursos que favorezan a diversificación curricular.
 - 3.2. Organización de actividades que favorezan a inclusión.
 - 3.3. Creación dunha sección específica adicada á diversidade.
4. Realizar actividades de investigación e procura de información.
 - 4.1. Planificación de actividades para o desenvolvemento de estratexias de investigación.
 - 4.2. Obradoiros para favorecer a expresión oral.
 - 4.3. Actividades que ensinen a elaborar traballos de documentación.
 - 4.4. Actividades para ensinar ao alumnado a realizar citas bibliográficas de xeito ético.
 - 4.5. Actividades para a alfabetización múltiple: lectura de imaxes, películas, hipertexto...

5. Realizar actividades de fomento da lectura.
 - 5.1. Continuidade do Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida.
 - 5.2. Número de actividades de lectura por parte do alumnado a nenos/as doutras idades.
 - 5.3. Organización de visitas de autores/s, ilustradores/as, conta contos e outros profesionais relacionados coa lectura da imaxe.
 - 5.4. Visitas e exposición de fondos doutras bibliotecas.
 - 5.5. Organización de actividades relacionadas con efemérides e conmemoracións: día da biblioteca, día da paz...
 - 5.6. Elaboración de guías de lectura como mínimo en decembro e xuño.
6. Desenvolvemento e promoción das seccións documentais de aula.
 - 6.1. Revisión, expurgación e catalogación dos fondos das seccións de aula.
 - 6.2. Reelaboración das seccións de aula adaptándoas ás idades do alumnado.
 - 6.3. Equilibrio dos fondos das seccións de aula de ficción e información.
 - 6.4. Equilibrio nos xéneros dos fondos de ficción: narrativa, poesía, teatro e cómic.
7. Revisar e reelaborar o Proxecto Lector de Centro.
 - 7.1. Revisión en claustro de cada un dos apartados do PLC.
 - 7.2. Elaboración dun novo PLC.
8. Elaborar e desenvolver o Plan de Lectura Anual.
 - 8.1. Elaboración do PAL seguindo o actual PLC.
 - 8.2. Elaboración dos itinerario de lectura.
 - 8.3. Elaboración e entrega trimestral de fondos recomendados para as bibliotecas de aula.
9. Adecuar o equipamentos ás necesidades do centro.
 - 9.1. Dotación por parte do centro dun orzamento entre o 5-10% do xeral.
 - 9.2. Adhesión a programas e proxectos doutras entidades que poidan favorecer o desenvolvemento do proxecto da B.E.
 - 9.3. Creación dunha nova sección STEAM da B.E.
 - 9.4. Renovación dos ordenadores dispoñibles para a consulta e adquisición de novos equipos para a nova sección da B.E.
 - 9.5. Dotación á nova sección da B.E. de conexión a internet e de encerado dixital.
 - 9.6. Adquisición de auriculares para os ordenadores de consulta.
 - 9.7. Reorganización das zonas da B.E. e compatibilizalas coa nova sección.
 - 9.8. Adquisición de novo mobiliario para as distintas zonas e seccións.
 - 9.9. Sinalizar interna dos dous espazos da B.E.
 - 9.10. Sinalización exterior dos accesos aos espazos da B.E.

- 9.11. Elaboración dun cartel coa clasificación dos fondos (CDU).
- 10. Tarefas técnico-organizativas para o mantemento da colección e servizos.
 - 10.1. Continuidade dos servizos de préstamo, lectura e consulta en sala.
 - 10.2. Creación dun servizo de orientación bibliográfica.
 - 10.3. Creación dun servizo de recollida de suxestións física e dixital.
 - 10.4. Creación dun equipo de alumnado colaborador de biblioteca.
 - 10.5. Creación dun blog para difundir novidades, novas, actividades e servizos da B.E.
 - 10.6. Continuidade no uso do programa MEIGA.
 - 10.7. Centralización dos fondos no programa de xestión.
 - 10.8. Elaboración de criterios de adquisición e expurgación.
 - 10.9. Tarefas de organización e mantemento dos fondos (reparación e forrado)
- 11. Xestionar e implicar ao profesorado na xestión da biblioteca.
 - 11.1. Distribución das funcións dentro do equipo.
 - 11.2. Traslado de información periódica ao claustro sobre a B.E.
- 12. Promover e difundir os servizos da biblioteca.
 - 12.1. Traslado de información periódica ao claustro sobre a B.E.
 - 12.2. Elaboración da Guía da biblioteca.
 - 12.3. Creación dun blog para a difusión.
 - 12.4. Presenza de novas da biblioteca na web do centro.
- 13. Xestionar os fondos documentais.
 - 13.1. Identificación das necesidades do alumnado, profesorado e familias.
 - 13.2. Elaboración de criterios para a selección e expurgación de fondos.
- 14. Colaborar coa B.M. do barrio e buscar a colaboración con outras bibliotecas escolares.
 - 14.1. Organización de visitas á B.M. do barrio.
 - 14.2. Posta en marcha de préstamo interbibliotecario coa B.M.
 - 14.3. Organización de actividades conxuntas e visita á B.E. do IES Salvador de Madariaga e do IES Rafael Dieste.
- 15. Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento dos servizos da B.E.
 - 15.1. Organización de actividades coa colaboración das familias ou dirixidas a elas.
 - 15.2. Posta en marcha nun curso das Mochilas viaxeiras.
 - 15.3. Creación dunha sección e zona para nais e pais.
 - 15.4. Organización de actividades en colaboración con Asociacións ou outras entidades sen ánimo de lucro.
 - 15.5. Actividades en colaboración con editoriais.

16. Potenciar a través de actividades a apertura en horario extraescolar.

16.1. Desenvolvemento de polo menos unha actividade aberta ao alumnado, familias e profesorado en horario extraescolar.

17. Potenciar a presenza da B.E. na web do centro.

17.1. Creación dunha sección de información sobre as actividades da B.E.

18. Elaborar un espazo en internet (blog) propio da biblioteca.

18.1. Creación dun blog específico para a biblioteca escolar.

18.2. Actualización, como mínimo semanalmente, deste espazo.

19. Continuar coa presenza da B.E. nos documentos do centro (P.E., PXA, Memoria...)

19.1. Presenza dun apartado da B.E. nestes documentos.

19.2. Elaboración e difusión do Plan de traballo do equipo de B.E.

19.3. Elaboración e difusión da memoria por parte do equipo de B.E.

20. Formar e informar ao profesorado no uso da B.E.

20.1. Sesiões de formación de usuario ao comezo do curso para o profesorado do centro.

20.2. Elaboración e difusión dunha Guía de Biblioteca para o profesorado do centro.

20.3. Traslado de información periódica ao claustro sobre a B.E.

21. Formar aos integrantes do equipo de biblioteca no ámbito das bibliotecas escolares.

21.1. Participación nun seminario ou GT sobre Bibliotecas escolares para actualización en temas do programa MEIGA, xestión da colección, actividades de fomento da lectura ALFIN, difusión, entre outras.

22. Avaliar o funcionamento e cumprimento do plan de traballo da B.E.

22.1. Elaboración, distribución e recollida de cuestionarios para o profesorado, alumnado e familias para avaliar o funcionamento da B.E.

22.2. Recollida e análise das estatísticas proporcionadas polo MEIGA.

22.3. Avaliación dos criterios a través dos indicadores do plan de traballo.

3.2. Enquisas


Queremos reflectir os resultados das enquisas de valoración que pasamos ao alumnado, profesorado e familias para detectar aqueles aspectos que nos parecían significativos para valorar a percepción do traballo realizado desde o equipo de biblioteca e cales son as demandas destes grupos de cara a próximos cursos.

PROFESORADO


Dos membros do claustro participou un 27%. Establecemos distintos bloques:

Biblioteca


Utilizas os recursos da biblioteca para desenvolver o teu labor docente?




Utilizas a biblioteca cos teus alumnos/as para...



Usas a biblioteca en horario escolar co teu alumnado?




Os recursos da biblioteca que utilizas co alumnado son...




BiblioLab


Utilizas os recursos da biblioLab para desenvolver o teu labor docente?



Que servizos che gustan máis?




Usas a biblioLab en horario escolar co teu alumnado?




Servizos


Des destes servizos, cal lles gustaría que se puxese en marcha o próximo curso?



Visitas o blog de biblioteca "BibliotecaEPB" (<https://bibliotecaepb.blogspot.com/>)?




Botas en falta algunha sección ou información no blog?




Equipo de biblioteca


Consideras que desde o Equipo de Biblioteca Escolar (E.B.E.) se favorece os procesos de ensino/aprendizaxe?




Consideras que desde o Equipo de Biblioteca Escolar (E.B.E.) se favorece o hábito lector?




Consideras que desde o Equipo da Biblioteca Escolar (E.B.E.) se favorece a formación en TICs?




Consideras que os fondos que dispón a biblioteca son suficientes actualizados e axeitados á comunidade educativa.



Que materiais dos fondos consideras que deberiamos adquirir?



Considero que os fondos da miña biblioteca de aula son...




FAMILIAS

Das familias que teñen fillos/as escolarizados no centro participaron un 13%.


Establecemos distintos bloques:

Biblioteca


Cofece a biblioteca do centro?




Cofece a biblioteca do centro?



Fan que utilizan a biblioteca?




Se contestas que si, con que frecuencia?




BiblioLab


Coñece a sala biblioLab?




Acudiu algunha vez á biblioLab?



Se contestou que si, con que frecuencia?




Para que utilizan a biblioLab?




Servizos


Que servizos lle gustan máis?




Destes servizos, cal lle gustarían que se puxese en marcha en horario escolar o próximo curso?



Coñece o catálogo en liña da biblioteca (<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/BuscaAvanzada.aspx?CodigoBiblioteca=CEC085>) ?



Sabe empregar o catálogo en liña da biblioteca (<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/BuscaAvanzada.aspx?CodigoBiblioteca=CEC085>) ?



Visita o blog da biblioteca "BibliotecaEPB"
(<https://bibliotecaeqb.blogspot.com/>)?



Bota en falta algunha sección ou información no blog?



Propostas de mellora

Se ten algunha suxestión ou comentario que nos axude a mellorar pode escribilo aquí.

Os rapaces que comezaron primaria non aportan información ás familias suficiente coma para coñecer os usos que realizan da biblioteca, gustaríame que o profesorado manteñan unha liña aberta de comunicacións, tipo nota, por exemplo, para o noso coñecemento

Ludoteca ata as 19:00

Facer contacentos e actividades ludicas relacionadas coa lectura

Mala actividades guledas no biblilab

Aunque aún no hemos usado mucho el servicio,nos encantas las mejoras del mismo

Que este tambien disponible los lunes

Creo que sería moi interesante que se fixesen actividades na EI como o empréstimo de libros ou as mochilas viaxeiras.

Grazas por abrir as portas da biblioteca tamén para as familias e por facernos partícipes das súas actividades.

Completar coleccións de libros

Enhoraboa polo traballo feito na bibllo e biblilab deixando colaborar a nenos e pais. Grazas


Cadeiras un poco mais brandas

ALUMNADO

No momento de elaborar esta memoria os cursos que pasaron esta enquisa foron 3º - 4º - 5º e 6º de E.P. Do mesmo xeito que aos demais grupos da comunidade escolar dividimos a enquisa en varios apartados:

Biblioteca


Gústache ir á biblioteca?




Con que frecuencia accedes á biblioteca nos recreos?




Que recursos usas na biblioteca?




Para que utilizas a biblioteca nos recreos?




Sabes como están ordenados os libros e materia da biblioteca?



Sabes mirar en Internet se a biblioteca ten un libro que queres?



Levas libros en préstamo?




Utilizaches a biblioteca cos mestres/as para traballar ou procurar información?




BiblioLab


Gústache ir á biblioLab?



Con que frecuencia acodes á biblioLab nos recreos?




Sabes atopar un libro en concreto na biblioLab?




Levas libros en préstamo?




Que recursos usas na biblioLab?



Para que utilizas a biblioLab nos recreos?



Utilizaches a biblioLab cos mestres/as para traballar ou procurar información?




Lectura


Gústache ler?



Cantos libros les ao mes?











Calcula os libros que hai na túa casa



Actividades

1 (menos me gusta) 2 3 4 5 6 7 8 9 (más me gusta)







PATIOS DINÁMICOS

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN. A CORUÑA, XUÑO 2019

- 1. XUSTIFICACIÓN**
- 2. OBXECTIVOS**
- 3. PROFESORADO IMPLICADO**
- 4. PRODUTO FINAL**
- 5. METODOLOXÍA**
- 6. VALORACIÓN FINAL. LIÑAS DE MELLORA**

1. XUSTIFICACIÓN

O CEIP Emilia Pardo Bazán está situado no Barrio dos Rosais, en A Coruña. É un centro de liña 3 con moito alumnado e con neae en cada nivel.

Os recunchos de lecer son bastante amplos e moi determinados: parque de xogos, labirinto vexetal, pista de fútbol- baloncesto... e un pequeno patio cuberto; este sería o patio de E. Primaria xa que está separado do de E. Infantil.

O tempo de lecer é un período que conleva moito bullicio, contacto físico, conversacións rápidas e difíciles de seguir e xogos que ninguén explica.

Observamos que hai moitos nenos e nenas que non poden ou non saben seguir aos compañeiros e compañeiras neste tempo e cremos que é necesario un pequeno apoio para que pouco a pouco se vaian integrando no xogo.

2. OBXECTIVOS

O principal é lograr que o neno e nena con neae disfrute do seu tempo de lecer como o resto.

- Promover a inclusión aumentando o desexo de socialización e xogo
- Potenciar habilidades sociais, de comunicación e de motricidade
- Favorecer un clima de entendemento e respecto
- Evitar situacións de acoso

3. PROFESORADO IMPLICADO

Nun principio eramos 12 mestres implicados no proxecto pero ao longo do curso tivemos 4 baixas polo que quedamos 8 dos que 5 somos de E. Infantil con gardas de recreo no patio de Infantil, 1 fai as gardas tamén en Infantil, 1 é encargado do teatro que funciona a nivel de centro nos recreos e por último, a xefa de estudos que no terceiro trimestre tivo que asumir a dirección.

Con todo isto, as nosas accións víronse moi limitadas, pero ao final conseguimos levalo a cabo.

4. PRODUTO FINAL

Despois das sesións co relator comezamos a planificar os Patios Dinámicos.

- A primeira etapa dedicouse a establecer cales poderían ser os nenos e nenas diana e distribuímos a súa observación.

Levounos un pouco máis de tempo debido ao reducido número que somos.

Tamén mantivemos conversas cos titores destes nenos e nenas e cos mestres de E. Física para saber dos seus intereses e problemas que poderían presentar.

MANUAL DEL PROCESO DE IMPLEMENTACION DEL PROGRAMA DE INCLUSION SOCIAL PATIOS Y PROYECTO DINAMICOS

INER (2º)		FOLIA DE REGISTRO 2. ALUMNADO DIANA			
NOMBRE O REFERENCIA	CURSO	¿QUÉ HACE?	¿EN QUÉ LUGAR?	¿CON QUIÉN?	¿CÓMO LO HACE?
28-NOVIEMBRE		MERENDAS BARRO JUEGO (SALIDA PRIMARIA)	PATIO CUBIERTO	CHUS (ALUMNO) LOS SUPERHEROES DEL ALULA	NOI NENOS ELA ACTIVIDADE DE PASAR A ALULA CON DOUTROS NENOS SEMPRE
1-MARZO		ORIGINAIS COMO JUEGOS DE FUTBOL BOLA	PISTA FUTBOL	CHUS (ALUMNO)	
7-MARZO		MERENDAS BARRO JUEGO SALIDA	PATIO CUBIERTO	CHUS (ALUMNO) NOA BALONPARI	
21-MARZO		MERENDAS BARRO OBSERVACIONES SALIDA LA COMIDA SALIDA	PATIO CUBIERTO	CHUS (ALUMNO) MAS DE 20 T. SUGERIDO	

- Na seguinte etapa buscamos concretar con qué queríamos comezar e decidimos centrarnos nos nenos e nenas de 1º, 2º e 3º de E. Primaria
- A partir de aquí comezamos a buscar xogos e elaborar carteis coa axuda visual que fose necesaria.



- A posta en marcha foi no último trimestre, tódolos venres, con dous mestres encargados e dous xogos seleccionados.

QUERDES PASAR UN RATO DIVERTIDO E DISTINTO
NO RECREO?
A PARTIR DO VENRES 10 HABERÁ UN CURRUNCHO
NO PATIO CUBERTO: **XOGAMOS XUNTOS?**
BUSCA A ALGUNHA DESTAS MESTRAS OU MESTRE:
CARLOS, CONCHY, MARIA, ANITA, EUGENIA, ANA,
GLORIA, AURORA.
TENTAREMOS QUE O PASEDES MÓTBEN

□

5. METODOLOXÍA

- Anticípase aos nenos e nenas os xogos e as regras deles na aula de AL.
- Fanse apoios visuais dos xogos e da distribución do tempo
 - 1º. Merenda
 - 2º. Eleximos xogo- xogamos
 - 3º. Recollemos
 - 4º. Fila
- Téntase partir dos intereses do alumnado diana
- É unha aprendizaxe sen erros
- Hai unha estruturación espacio- temporal
- Apoio conductual positivo

Ao final da sesión faise unha valoración:

- Venres 10- 05- 19
 - . mestres: Carlos e Aurora
 - . xogos: desplumar á galiña e rato, rato, gato
 - . participación: bastantes nenos e nenas, varias quendas de xogos
 - . diana: implicados e desfrutando excepto o de 2º (moitos nenos, bulicio, polo que se lle ve nervioso e buscando a atención do adulto para el só.

Creouse un apartado na web do centro para poder seguir esta actividade

[PATIOS DINÁMICOS](#)

6. VALORACIÓN FINAL. LIÑAS DE MELLORA

Na posta en marcha estamos observando que non nos funciona igual con todos os nenos e nenas, hai algúns diana que participan activamente pero un, en concreto, está sendo un reto difícil debido a súa necesidade de estar sempre cun adulto e non o quere compartir.

Estamos a probar con distintos xogos para ir valorando cales son os máis aceptados e ter unha relación variada deles.

De cara ao vindeiro curso gustaríanos contar, si é posible, cunha maior participación e implicación do resto do profesorado xa que marchan outras dúas mestras do equipo co cal, seremos un grupo bastante reducido.

Tentaremos seguir con moita paciencia e buscar a integración dos nenos e nenas diana en tódolos xogos.

A coordinadora

M. Aurora Candal Miranda

MEMORIA



**HORTO ESCOLAR
2018-2019**

1. CONTEXTUALIZACIÓN

Este curso, o proxecto púxose en marcha cun grupo novo de persoas. A maioría sen experiencia no tema da terra pero con moitas ganas de aprender.

Dende o Concello de A Coruña ofrecéronnos **colaborar** coa Concellaría de emprego e economía social, dentro do curso de **"especialización en monitorado de ecohortas urbanas"**, no marco do proxecto Europeo **RU:URBAN** polo que comezamos con eles esta andaina.

As primeiras actuacións foron encamiñadas ao coñecemento das zonas verdes do centro, proposta de actividades e planificación das actuacións.





Nun primeiro momento as ideas plantexadas foron:

- Posta en marcha da zona de cultivo do invernadoiro e das parcelas do antigo cole de infantil.
- Poda e mantemento do labirinto de metrosideros.
- Limpeza e reposición de bulbos e plantas de flor na zona do patio cuberto de infantil.
- Recuperación da zona do antigo areeiro.
- Dinamizar a zona de patio do novo edificio de educación infantil.
- Reposición e novas adquisicións das ferramentas de traballo.
- Adecuación da aula da Natureza para o seu uso.
- Talleres , con distintas temáticas, de formación para o alumnado:
 - Taller da erosión.
 - Diferentes tipos de flor segundo familia.
 - O paso das estacións no horto.
 - Esquema corporal en relación ás partes das plantas e as partes humanas.
 - Partes das plantas: raíz, talo, folla, flor, froito.
 - Sistema terra/planta/clima.
 - Tipos de animais no horto e a súa importancia.
 - O composteiro e vermicompostero.
 - Textos sobre os produtos: poesías, cancións, adiviñas, cómics, debuxos.
 - O horto dos 5 sentidos.
 - Visita de pais e avós.
 - Ferramentas do horto.
 - Normas de organización do horto.
 - Operacións no horta (Sementeiros, sementa, rega, desherbado, cultivar).
 - Festa do horto (degustación).

Para o desenvolvemento destas actividades, a partida económica provén dos fondos aportados por entidades como Axuda en Acción e a 22ª edición de Voz Natura (450 €).

2. DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

A principios de setembro ,producíronse baixas no número de alumnos que formaban parte do curso do Concello polo que , as actuacións previstas tiveron que

reducirse. A pesar disto en outubro presentouse o proxecto final , por parte do curso do Concello, onde se recollían actuacións na zona do invernadoiro, parcelas antigo cole e labirinto.

O primeiro temporal do inverno fixo que o noso novo invernadoiro saíra voando e non fora repostado ata o mes de marzo, polo que novamente houbo que plantexarse os cultivos que íamos realizar.



Unha das primeiras actividades levouse a cabo no mes de outubro, preparouse a zona do antigo cole de infantil para a plantación de cereais. Elexiuse este cultivo por dous motivos, por unha banda, para dalo a coñecer entre o alumnado e pola outra, o ofrecemento dunha familia do cole para realizar cos nenos e nenas un obradoiro de elaboración artesanal de pan e a presentación dos apeiros necesarios.



Desta experiencia aprendimos os efectos do clima e os animais na nosa horta, xa que non puidemos levar a cabo as actividades deseñadas ao non saír adiante a nosa plantación.

Ao longo deste curso **as familias** participaron de distintos xeitos, ben ofrecendo eles actividades ou sendo facilitadores de actividades de axentes externos ao centro.

Hola!!! Eu son Pipa



Colaboración a través da creación dun conto baseado na historia dunha pipa para explicar o ciclo do xirasol.



Facilitadores do taller realizado pola Consellería de medio rural, no que se nos facilitaron sementes de especies autóctonas como o carballo, pradairo, ameneiro, ... Estas sementes foron prantadas no día da árbore.

A continuación recolleremos algunhas das actividades realizadas ao longo deste curso no noso centro:

- Inscripción na convocatoria de reparto de composteiros domésticos (BOP 17/12/18).
- Reposición de ferramentas e materiais para o traballo na horta.
- Celebración conxunta co EDLG, do día do medio ambiente. Empregando como elemento motivador unha árbore da vida celta e o seu orixe, enchéndoa de follas con accións que contribúan ao coidado e mantemento do mundo ao que pertencemos.



- Recuperación de **zonas de cultivo**, mantemento e recolección da colleita. Para isto o plantel elixido foron: Acelgas: 28 ud. Brócoli: 21 ud. Coliflor: 22 ud. Amorodo: 72 ud. Repolo: 13 ud. Leituga: 86 ud. Allo porro: 88 ud. Cebola: 88 ud.

Remolacha: 66 ud. Grosellas vermellas: 2 ud. Grosellas negras: 2 ud.
Arandano azul: 6 ud.



◆ **Programas e proxectos de centro**

• **Jardín de Juanita**

Por terceiro curso consecutivo, o alumnado de 6ºB de Educación Infantil,

continúa a participar no proxecto "El jardín de Juanita". Esta proposta da Filosofía Lúdica, vai encamiñada a desenvolver conciencia ecolóxica dende a experiencia, creativa e reflexiva, de interactuar cun xardín.

Co xardín xa creado os anos anteriores, ao longo deste curso coidaron este espazo desenvolvendo valores como a paciencia, o bo gusto, o civismo ou a gratitude. Pero o máis novedoso é que o xardín traspasou as súas fronteiras establecendo vínculos coa Arte (cartografía téxtil, música, artes gráficas e poesía) grazas á colaboración con artistas da nosa localidade.

Como exemplo, pódese ler o resumen destes procesos, nos seguintes ligazóns:

- * ["Camino al Jardín de Juanita. Filosofía con niñas y niños"](#)
- * ["Achegamentos á arte dende o Xardín de Juanita"](#)
- * ["El Jardín de Juanita"](#)




- **EPB Book Club:**

Forman parte do Emila Pardo Bazán Book Club un total de 31 nenos e nenas de 6º de Primaria que se anotaron nel de xeito voluntario. Reunímonos o último venres de cada mes, pola tarde, na biblioteca ou no bibliolab do cole. Lemos títulos adaptados a estudantes de inglés, de autores británicos e americanos universais: Charles Dickens,

Oscar Wilde, Roald Dahl, David McKee, ... e desenvolvemos actividades relacionadas co tema de cada lectura.

O pasado mes de marzo traballamos con "The selfish giant" de Oscar Wilde, no que se trata o tema dos xardíns e das estacións do ano. Así que, como actividade complementaria á lectura, decidimos plantar sementes de **marigold** (tagetes) en vasos de iogur, non sen antes mirar as súas principais características e os coidados que require. Asemade, aprendemos as partes dunha planta e os nomes das flores máis coñecidas en inglés.



• Celebracións a nivel de centro

Magosto e Samaín



Letras Galegas e Maios



- Plan Proxecta

Este ano leváronse a cabo dous proxectos educativos englobados dentro deste Plan pertencente a Xunta de Galicia. No que se traballaron temas como o coidado dos bosques e dos mares, consumo responsable, lixo, alimentación equilibrada.

1. **O Meu Amigo maior** desenvolto por alumnado de 5º de educación infantil e 6º de educación primaria

Anxo Moure e o seu carballo con botas



Convivencia co CEIP Plurilingüe San Marcos de Abegondo e saída ao Monte de San Pedro




2. Saboreando o mar de Galicia, no que participou todo o alumnado de educación infantil.

Pratos elaborados polo alumnado coa colaboración das familias, empregando material de refugallo representando comidas cotiás da cociña típica e tradicional galega, en particular, alimentos que proveñen do noso mar.



Queremos o noso mar sen plásticos



- **Actividades a nivel de titoría, nivel ou ciclo**
 - x En diferentes niveis plantáronse na clase fabas, garavanzos e lentellas para observar e estudar as súas partes e ciclo .
 - x Celebrábase o día forestal nas aulas
 - x Saídas relacionadas coa natureza :
 - Casa dos peixes
 - O Ventoso
 - Alvarella
 - Belelle

- Aldea Nova
- Roteiro polas Fragas do Eume
- Roteiro por Betanzos


x Exposición invertebrados alumnos de 6º



x Obradoiro para 5º e 6º de primaria a través do Consorcio das Mariñas: "A Auga non para". Ao que acudiran as finais 5 nenos 5º



x Os alumnos de 6º de educación primaria, na sinatura de valores crearon o ecocomando. Tratando de concienciar da importancia do coidado do medio empregando para elo carteis, charlas formativas e de concienciación a outros cursos



- x Aula Específica. O ciclo da vida vexetal e animal , a través de sementeiros e vermes de seda.



3. DIFICULTADES ATOPADAS E PROPOSTAS MELLORA

Este curso escolar serviunos sobre todo como toma de contacto cos labores de horto ecolóxico escolar, para o que resultou imprescindible a colaboración dos membros do curso de monitores de ecohortas urbanas. O feito de que o noso invernadoiro desaparecera no mes de outubro fixo que as plantacións que tiñamos previstas para o inverno no se levaran a cabo, xa que a preparación da terra das zonas exteriores precisou de moito traballo.

A falta de experiencia e de coñecemento das condicións reais da zona na que nos atopamos (terreo elevado pegado ao mar no que o vento é protagonista, rodeado de edificios que limitan as horas de sol así como o elevado número de gorrións na zona); fixo que as plantacións, feitas en zonas de cultivo recuperadas, non obtiveran os resultados previstos.

Pese a estas dificultades atopadas o centro conta cunha dinámica moi boa ,na que o traballo da aula e as actividades comúns baséanse no coidado e respecto pola natureza, froito do traballo feito durante anos polos antigos membros deste equipo. Está característica, fai que as actividades propostas conten cunha moi boa aceptación non so por parte do profesorado senón tamén do alumnado e das familias.

O noso centro foi admitido na XXIII Edición de Voz Natura para o curso 2019-20, e inscribímonos no proxecto piloto de compostaxe escolar ofertado pola Xunta, que se desenvolvería no primeiro trimestre do próximo curso (pendente de confirmar se estamos admitidos).

De cara ao ano que ben, o noso reto consiste na:

- ✓ Boa planificación das labores que precisa a nosa horta, tendo moi presentes a datas de recollida de sementes, froitos, preparación da terra .
- ✓ Formación dos nosos alumnos e alumnas.
- ✓ Adecuación da aula da Natureza

- ✓ Creación das ecopatrullas
- ✓ Aumentar a implicación do alumnado, claustro, familias e entorno. Contando incluso, co apoio de usuarios de hortas urbanas da zona.
- ✓ Plantar especies autóctonas que nos sirvan para facer as estruturas de soporte para trepadoras como as xudías, tomates,...

Seguimos a pensar que resultaría moi interesante unha aprendizaxe baseada en servizos, nas que as nosas accións tiveran como resultado un produto final do que se beneficie parte da nosa comunidade .

Para rematar, debe quedar recollido o agradecemento ao Concello de A Coruña a través do curso de especialización en monitorado de ecohortas urbanas así como, ao profesorado que no seu tempo libre acudiu ao centro a desenvolver actividades de poda e mantemento do noso labirinto.